

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 11.10.2019

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Andrés Pérez Pérez

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as 10 horas do día once de outubro de dous mil dezanove, xúntanse en sesión extraordinaria do Pleno, primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

A Secretaria da lectura da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que de seguido se transcribe:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DATA MARTES 8 DE OUTUBRO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000013

Sesión nº: 13/2019-2023

2.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)

CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

TÉLFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

Páxina 1 de 62

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“Ditame da Comisión Informativa Estudo, Informes, Consulta e Asuntos Xerais do Pleno.

Procedemento: *Aprobación inicial de Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume.*

Unha vez executada a actuación de rehabilitación e remodelación do Mercado Municipal de Pontedeume precísase a aprobación dun marco normativo que considere os elementos deste servizo público.

Este marco normativo do servizo público do mercado municipal é o instrumento a través do que se pretende regular as normas de funcionamento, que faciliten unha idónea prestación de mesmo, considerando neste proxecto de regulamento determinados aspectos:

- 1.- Organización.
- 2.- Réxime interior e funcionamento.
- 3.- Réxime das concesións administrativas.
- 4.- Os dereitos e deberes.
- 5.- Réxime de infraccións e sancións.

A oportunidade de regular os determinados aspectos deste servizo está motivado polo feito de que o Mercado Municipal en Pontedeume é e será un punto estratéxico na memoria e difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía, ó tratarse dun equipamento que facilite formas de venda alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto de proximidade; ademais trátase dun espazo que está situado no centro histórico da vila de Pontedeume que se pretende que sexa o motor da zona comercial que atraia a conservación e implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.

Unha vez realizada a consulta pública e visto o proxecto de Regulamento do Mercado Municipal.

Vista a Memoria de Alcaldía de 4 de outubro de 2019 na que se recolle a viabilidade das aportacións realizadas no seguinte senso:

“Unha vez rematado o período de consulta previa do proxecto de Regulamento municipal do Mercado Municipal, e comprobado o Rexistro Municipal do Concello, presentaron aportacións os seguintes participantes:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Xosé Ramón Cendán Regueiro, actuando en calidade de Coordinador do Sindicato Labrego Galego – Comisións Labregas de Betanzos.

-Francisco José Vázquez Vila.

-Grupo Municipal BNG.

Un resumo das aportacións presentadas é o seguinte:

-Por parte de Xosé Ramón Cendán Regueiro, actuando en calidade de Coordinador do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas de Betanzos presentáronse as seguintes aportacións, que de forma resumida son as seguintes:

No artigo 2 d) onde se refire a “paradas ambulantes” sería mellor facer referencia a “labregos/as que poñen no mercado os alimentos producidos nas súas fincas situadas dentro da comarca ou área de influencia.

En relación co disposto no artigo 2 c), titulares dunha autorización administrativa: Os labregas ou labregos cuxa actividade fundamental e profesional sexa a produción de alimentos para vender directamente nos mercados, que a súa vez estean dados de alta no SEVEDI, deberán ter un espazo dentro das instalación do mercado.

Para aqueles que venden de forma esporádica os excedentes de producións de autoconsumo, ou cando producir alimentos non é a súa actividade principal, habilitar un lugar nos soportais ou na zona próxima máis adecuada para que sexan integrados dentro da área do mercado.

Os labregos e labregas que se adiquen de forma profesional á produción de alimentos e venda directa destes, cando soliciten un posto no mercado e poidan acceder a el, terán a consideración de “concesionarios” e polo tanto terán o mesmo dereito de participación que os outros concesionarios de postos, a diferenza dos vendedores non profesionais, que non terán esta prerrogativa;

-Por parte de Francisco José Vázquez Vila presentouse a seguinte aportación: Ampliación do prazo de concesión dos postos, quedando establecido en vinte anos prorrogables outros cinco se as dúas partes están dacordo.



-Por parte do Grupo Municipal BNG presentàronse as seguintes aportacións, con respecto a determinados aspectos:

- 1.- Dirección do Mercado.*
- 2.- Aprobado no Pleno.*
- 3.- Limitar os postos ás mesmas persoas.*
- 4.- Duración das concesión.*
- 5.- Solvencia dos concesionarios.*
- 6.- Prezo mínimo de licitación.*
- 7.- Gastos de luz e agua.*
- 8.- Comisión Mixta.*
- 9.- Extinción por xubilación.*
- 10.- Privilexios da licenzas provisionais.*
- 11.- Prohibición de vendedores ambulantes.*
- 12.- Concesións e pagos dos vendedores ambulantes.*
- 13.- Memoria decorativa do Mercado de Pontedeume.*

En canto a viabilidade de incluír as ditas aportacións no Regulamento obxecto de exame, realízase unha análise en bloque das mesmas:

1) Aportacións realizadas por parte do portavoz do BNG e Don Francisco José Vázquez Vila que non se inclúen no Regulamento porque son obxecto de regulación nos pregos de cláusulas administrativas:

-Limitar os postos ás mesmas persoas.

-Duración das concesións.

-Solvencia dos concesionarios.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Prezo mínimo de licitación.

2) TRATAMENTO DOUTRAS CUESTIÓNS PLANTEXADAS:

2.1.-En canto á Dirección de Mercado, son contempladas as dúas opcións, tanto en réxime de persoal municipal, coma en réxime de contratación externa, previa a tramitación de expediente de contratación; En canto aos requisitos mínimos da Dirección do Mercado serán obxecto de decisión a posteriori, unha vez tomada a decisión do tipo de contratación.

2.2.-En cantos aos gastos de luz e auga, están contemplado no apartado 15 do artigo 24 do Regulamento, coma obriga de carácter esencial para os concesionarios/as.

2.3.- En canto a "EXTINCIÓN POR XUBILACIÓN", está contemplando dentro do artigo 22.1a) coa renuncia expresa e escrita do titular presentada no Rexistro Xeral do Concello.

2.4.-En canto ao apartado do artigo 18.2 no que se indica "Isto sen prexuízo do réxime específico das licenzas de uso e ocupación provisional", indicar que se refire aos postos de venda ambulante, que estarán ubicados nos soportais, que serán obxecto de licitación previa aprobación dunhas bases, por procedemento aberto e concorrencia competitiva.

2.5.-En canto a cuestión da MEMORIA DECORATIVA, tal como se plantexa a cuestión, non é obxecto de regulación no regulamento.

2.6.-En canto a aclaración no Regulamento da constitución da Comisión Mixta, será tratado nun momento a posteriori, unha vez adjudicados os postos e unha vez iniciada a actividade de mercado.

2.7.- En canto aos arredores, aclárase que é a zona de soportais.

3) En canto as aportacións realizadas por Xosé Ramón Cendán Regueiro, indicar que as súas aportacións no referente ao punto cuarto e sexto, na cláusula 19ª do Regulamento establécense que o procedemento de selección para outorgar as concesións será en réxime de concorrencia competitiva, previa convocatoria pública do procedemento aberto.

4)En canto ao establecido na Base Quinta, xa se contempla coa venda ambulante; para a ubicación dos mesmos aprobaranse unhas bases que regulen os criterios de selección.



5) *No que respecta ao punto terceiro, recollese a aportación realizada no seguinte senso no apartado d) do artigo segundo: Paradas ambulantes: Aquelas que polo seu carácter eventual estean instaladas en mesas móbiles nos espazos do mercado, que se considere convinte sinalar; estas paradas se dedicarán preferentemente a venda de produtos e excedente da horta das fincas situadas dentro da comarca e zona de influencia.*

En data 4 de outubro de 2019, emitiuse informe por parte da Secretaría Municipal, en relación ao procedemento.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe de Secretaría de data 4 de outubro de 2019, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume, nos termos en que figura no expediente coa redacción que a continuación se recolle:

PROXECTO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.

PREÁMBULO

A apertura do Mercado Municipal de Pontedeume, edificio rehabilitado na súa totalidade, é unha competencia de prestación de servizo público de mercado, de acordo co regulado no artigo 25.2.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O Mercado Municipal de Pontedeume é un punto estratéxico na memoria e difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía; é un centro de venda directa ó público, de carácter permanente, a finalidade do cal é:

-Asegurar o abastecemento de artigos da primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Tamén forma parte deste servizo a venda dos produtos baixo calquera forma de transformación ou manipulación autorizada, cumprindo tódalas normativas aplicables e especialmente a normativa de seguridade alimentaria, realizada nas mesmas instalacións do mercado e fora deste.

-Ser un equipamento que facilite formas de venda alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto e o servizo.

-Canalizar as producións agroalimentarias da bisbarra.

-Formar unha concentración comercial e ser un espazo de especialización que sexa motor da zona comercial que atraia a implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Entre os obxectivos deste regulamento está establecer un novo marco de relación entre o Concello e os titulares de tódolos puntos de venda e concesionarios do Mercado Municipal para facilitar a xestión deste servizo público en beneficio da poboación consumidora e da sociedade en xeral.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

O Mercado Municipal de Ponte deume se configura como un ben de dominio público municipal, destinado ó servizo público de abastecemento ou venda de produtos, prioritariamente alimentarios.

O ámbito de aplicación deste Regulamento refírese exclusivamente ó Mercado Municipal de Ponte deume, sendo de carácter obrigatorio para tódolos concesionarios, ocupantes ou persoas que realicen actividades económicas.

Artigo 2.- Definicións.

Ós efectos deste Regulamento, os conceptos que se relacionan a continuación terán o seguinte nomenclátor:

- a) Lugares de venda: Serán os espazos destinados á venda dentro da totalidade do edificio do mercado municipal.
- b) Concesionarios: Titulares das concesións administrativas dos lugares da venda do mercado, que outorgue o dereito de uso de un lugar de venda.
- c) Os titulares dunha autorización administrativa: Titulares de autorizacións administrativas que estarán ubicados na parte correspondente aos soportais, o que se denominará paradas ambulantes.
- d) Paradas ambulantes: Aquelas que polo seu carácter eventual estean instaladas en mesas móbiles nos espazos do mercado, que se considere convinte sinalar; estas paradas se dedicarán preferentemente a venda de produtos e excedente da horta das fincas situadas dentro da comarca e zona de influencia.



Artigo 3.- Propiedade.

O inmovible onde se ubica o mercado municipal, ten a condición de ben de dominio público afecto a un servizo público, e en base a isto é inalienable, inembargable e imprescritible.

Os acredores dos titulares dos dereitos de uso e explotación comercial, se obtivesen o embargo dos dereitos de uso e explotación comercial do negocio que exercen, estarán suxeitos ó pago das exaccións e cotas e o cumprimento das outras obrigas impostas ós titulares.

Artigo 4.- Prohibicións.

Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores dos mercados municipais de abastos, agás dos que teñan concedida autorización municipal, que estarán ubicados nos soportais do inmovible do mercado municipal.

TÍTULO II.- ORGANIZACIÓN.

CAPÍTULO I.- DIRECCIÓN DO MERCADO.

Artigo 5.- *A Dirección do Mercado será exercida por unha persoa contratada polo Concello, xa sexa en réxime contratación externa ou en réxime de persoal do Concello de Pontedeume.*

Artigo 6.- *As súas funcións serán:*

-Dirección superior do Mercado de Pontedeume.

-A responsabilidade da xestión da promoción e dinamización comercial.

-A relación cos concesionarios e coa agrupación de concesionarios.

-As actuacións de mellora en xeral da marca e do espazo do Mercado de Pontedeume. O exercicio destas funcións requirirán unha dedicación e presenza efectiva plena no edificio do Mercado Municipal.

CAPÍTULO II.- AGRUPACIÓN DE CONCESIONARIOS DO MERCADO MUNICIPAL.

Artigo 7.- *Agrupación de Concesionarios do Mercado Municipal.*

7.1.- Tódolos concesionarios, pola súa condición, poderán ser membros da Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, con tódolos seus dereitos e obrigas inherentes á condición de membro, entre eles, contribuír economicamente ó seu mantemento, segundo as taxas que se aproben anualmente en Asemblea Xeral.

7.2.- Esta Agrupación de concesionarios, terá natureza xurídico-privada e rexese pola normativa de asociacións. Será a interlocutora co Concello de Pontedeume, e participará

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

activamente na organización, o funcionamento e control do mercado municipal e para a mellor solución dos seus problemas.

7.3.- A Agrupación de concesionarios rexeráse polos principios democráticos e adoptarán as súas decisións por maioría e elixirán unha Xunta Directiva e un Presidente. Cada concesionario integrante da Asociación será considerado un voto e ós efectos de computar a maioría se consideraran os votos dos asistentes e debidamente representados. Esta Xunta designará as persoas interlocutoras válidas co Concello.

7.4.- En canto ó resto, a organización e funcionamento será o que libremente decida a mesma organización nos seus Estatutos que terán que ser respectuosos co presente regulamento, e será librado ó Concello unha copia, así como as modificacións que se leven a cabo.

Artigo 8.- Comisión Mixta.

8.1.- Se constituirá unha Comisión Mixta Concello-Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, cunha composición paritaria, que estará formada por un número de seis persoas: tres representantes por cada unha das partes.

8.2.- Esta Comisión terá carácter consultivo e de asesoramento en aqueles temas relacionados coa xestión, funcionamento, organización e posibles problemas do mercado municipal que pola súa importancia requiran dun tratamento específico.

Artigo 9.-

O réxime de reunións e aspectos vinculados á comisión será o que se determine na súa constitución, que se terá que realizar como máximo seis meses despois da aprobación definitiva deste Regulamento mediante o encontro entre os membros designados polo Concello e os representantes que a Agrupación de concesionarios designe a tal efecto.

TÍTULO III.- RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO.

Artigo 10.- Horarios e calendario do Mercado.

10.1.- Coma norma xeral, o Mercado permanecerá aberto ó público diariamente de luns a sábado, no horario comprendido pola mañá entre as oito (8:00 h) e as catorce trinta horas (14:30 h) e pola tarde, os martes e os sábados, en horarios comprendidos entre as 16:30 e as 20:00 horas.



10.2.- O horario de actividade máxima (diferente do comercial ou de apertura ó público) do mercado o regulará de forma específica o Concello, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal.

10.3.-Tódalas actividades propias do Mercado, dende carga e descarga interior ata ó acondicionamento das paradas, incluída a propia venta, terán que realizarse dentro do horario de actividade máximo fixado.

10.4.-Os horarios establecidos, poderán ser modificados por razón de interese pública por Decreto de Alcaldía, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal; Os novos horarios serán publicados no BOP e na páxina web municipal ao fin de lograr a súa máxima difusión.

10.5.- O edificio do mercado permanecerá cerrado fora do horario de actividade máximo establecido, ademais de tódolos domingos e festivos, sempre que non se aprobará previamente a súa apertura.

Artigo 11.- Normas relativas a carga e descarga.

11.1.-Os horarios de carga e descarga interior e exterior serán fixados polo Concello de Pontedeume, dentro do horario máximo de actividade do mercado, previa consulta á Agrupación de concesionarios.

11.2.-O transporte de mercancías accederá ao edificio do Mercado Municipal, para realizar a carga e descarga, nos lugares habilitados ao efecto.

11.3.-Mentres o Mercado estea aberto ó público, queda prohibido o almacenamento e estacionamento de mercancías e carretas, no lugar de carga e descarga, accesos e corredores e tamén a súa circulación, excepto o tempo indispensable para efectuar os traballos de reposición e sempre que non dificulte o acceso e a compra dos clientes.

11.4.-Fora do horario definido polo servizo municipal responsable da vía pública, non poderá utilizarse a zona exterior do mercado para ocupala con caixas ou outros paquetes, sen autorización municipal expresa. Da mesma maneira, dentro do horario comercial, a non ser que o servizo municipal responsable da vía pública permita acarga e descarga das mercancías, non poderán depositarse caixas ou outros paquetes nas aceiras nin nas portas do mercado.

11.5.-Poderán colocarse paquetes nos corredores, fora do horario comercial ou de apertura ao público, para proceder ao abastecemento ou recollida das paradas. Non obstante, os paquetes poderán colocarse de forma ordenada e ocupando o mínimo espazo posible, especialmente o redor da zona de venda da froita, peixe e carne.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non poderá colocarse ningunha caixa apoiada ás portas de entrada do mercado nin a menos de tres metros lineais destas. En todo caso, queda totalmente prohibida a existencia de calquera obstáculo que, xerado pola colocación de paquetes e mercancías nos corredores, impida o libre paso, salvo días especialmente programados polo concello, nos que se celebren eventos que xustifiquen a colocación de elementos decorativos no exterior dos postos

11.6.-Os transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.

Artigo 12.- Aspectos sanitarios e xestión do lixo.

12.1.- A limpeza diaria dos espazos comúns será realizada tódolos días en que o mercado estea aberto ao público, dentro do horario máximo de actividade do mercado. A limpeza dos servizos e corredores efectuarase de forma continuada, de acordo coa planificación que efectúe a Dirección do mercado, para asegurar en todo momento a limpeza, hixiene e salubridade do mercado e as súas instalacións.

12.2.- Os titulares dos postos de venda terán que ter perfectamente limpos, tanto o espazo que ocupan, como a parte de corredor frontal ó mesmo.

12.3.- Os titulares dos postos de venda e servizos, terán que dispoñer de recipientes adecuados para seleccionar e depositar separadamente os residuos xerados pola actividade. Os recipientes terán que baleirarse no espazo habilitado no mercado para o lixo, as veces que sexa necesario. Os lugares de venda destinados a peixe, marisco, carnicerías, froita e verduras e produtos frescos, os recipientes terán que estar tapados para evitar olores.

Artigo 13.- Seguridade alimentaria.

13.1.- O exercicio da actividade da venda de produtos alimentarios, comerciais ou de restauración por parte dos titulares dos postos de venda se practicará conforme á normativa sectorial vixente, á normativa laboral, á de seguridade alimentaria, á de riscos laborais e á de xestión de medio ambiente, vixente en cada momento. O mesmo é de aplicación para a venda de produtos non alimentarios, o almacén, transporte, manipulación e venda dos cales non se terá que xerar ningún prexuízo nin poñer en risco a calidade, salubridade ou imaxe dos artigos alimentarios frescos, conxelados ou transformados postos a venda dentro do recinto do mercado.

13.2.- Queda expresamente prohibido por este Regulamento:



a) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente.

b) O desplumado de aves, e outras accións análogas referidas ao procesado de animais e outros produtos nos espazos de venda ou dentro do recinto do Mercado municipal de abastos, incluíndo os espazos comúns deles.

c) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, salvo os procedentes de granxa ou acuicultura.

13.3.- Os traballadores dos postos de venda de produtos alimentarios e de restauración tamén están obrigados a cumprir tódalas normas de seguridade alimentaria e laboral.

13.4.- Non se poderá iniciar a venda sen que se houberan colocado en lugar visible e de acordo coas normas reguladoras en cada caso e momento, previamente, os prezos de cada un dos produtos postos á venda.

13.5.- O Mercado Municipal de Pontedeume inclúese dentro da rede de alertas alimentarias do Concello, polo que no caso de que se teña coñecemento oficial dalgunha alerta sanitaria, esta será difundida a través da súa publicación no apartadoda páxina web adicado a Mercado Municipal.

Artigo 14.- Instalacións comúns do Concello.

14.1.- Teñen carácter de instalacións comúns con mantemento a cargo do Concello as seguintes:

-Elementos de cerramento das instalacións do mercado municipal.

-Estrutura interior do mercado municipal.

-Conserxería.

-Zona de lactancia.

-Zona de xestión de residuos.

-Postos baleiros sen titular.

-Corredores.

-Baños.

-Accesos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

14.2.- En tódalas instalacións, o Concello deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais. As distintas medidas preventivas que se adopten deberán ser comunicadas convenientemente ás persoas concesionarias.

14.3.- As persoas concesionarias, deberán velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns, sendo responsables individualmente dos danos que por uso indebido ou accidentalmente lles puidesen causar, no decurso das súas actividades comerciais.

Artigo 15.- Reformas.

O Concello poderá efectuar as reformas que considere necesarias no mercado municipal, sen que os concesionarios poidan esixir indemnización algunha pola redución de vendas motivadas por tales reformas.

O Concello terá a obriga de comunicar aos concesionarios a data de inicio e a data aproximada de fin de obra. As reformas que leve a cabo o Concello sempre deberán ser planificadas e previstas coa suficiente antelación para perxudicar o mínimo posible ós concesionarios.

Artigo 16.- Imaxe, simboloxía e sinalética.

16.1.- O Concello aprobará a imaxe e simboloxía identificativa para o Mercado Municipal, así como a regulación e directrices para o seu uso e utilización nas diferentes áreas relacionadas co Servizo.

16.2.- As persoas concesionarias estarán obrigadas a adaptar os seus postos ás directrices de imaxe e simboloxía que o Concello determine, sen prexuízo de que o Concello, para levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos neste Regulamento poderá aplicar a estes procesos subvención propias, ou axudas procedentes doutras Administracións.

16.3.- O Concello será responsable da instalación de sinalética que corresponda, nos espazos comúns establecidos neste Regulamento.

16.4.- A denominación dos postos fixos estará integrada polo número do posto, o nome comercial ou do titular do posto.

TÍTULO IV.- REGULACIÓN DAS CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS .

CAPÍTULO I.- CONDICIÓN DOS CONCESIONARIOS.

Artigo 17.- Capacidade xurídica e de obrar.



Poderán ser titulares das paradas, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, dun outro país da Unión Europea ou dun terceiro país con permiso de residencia e traballo, sempre que teñan plena capacidade xurídica ou do obrar.

Non poderán selo:

-Os comprendidos nalgún dos casos de incapacidade previstos na normativa en materia de contratación pública.

-Aqueles que non reúnan as condicións esixidas neste Regulamento.

-E os reincidentes en faltas de defraudación na venda de artigos, cando a última sanción estivera imposta en menos dun ano antes do anuncio de licitación.

Artigo 18.- Concesións administrativas, licencias e cesións de uso dos lugares destinados a usos comerciais ou de restauración.

18.1.- O obxecto da concesión, da licencia ou a cesión de uso é o dereito a ocupar, con carácter exclusivo, os postos destinados á actividade comercial ou restauración, coa finalidade e obriga respecto aos primeiros, de destinalos a venda na modalidade e os artigos para os cales estea clasificado, dentro da relación dos autorizados e, con carácter exclusivo ou comunitario se é posible os espazos e partes proporcionais dos servizos auxiliares ou comúns do mercado.

18.2.- As concesións administrativas e outras cesións de uso se adxudicarán mediante un procedemento de licitación que garantice o respecto aos principios de igualdade, de publicidade e concorrencia. Isto sen prexuízo do réxime específico das licenzas de uso e ocupación provisional.

18.3.- As concesións administrativas, as licenzas e outras cesións comportan que os concesionarios e os titulares das licenzas asuman a xestión e explotación dos lugares de venda, baixo o seu propio risco, e que aporten os medios persoais, materiais e técnicos necesarios así coma a realización das obras necesarias para adecuar asparadas ou locais comerciais.

Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios.

19.1.- O procedemento de selección para outorgar as concesións, así como para cubrir as vacantes farase en réxime de concorrencia competitiva, previa convocatoria pública do procedemento aberto correspondente, e coma resultado dun procedemento baseado nos principios de transparencia, concorrencia, imparcialidade e publicidade. Os interesados en concorrer a esta convocatoria deberán presentar, ademais da documentación que se lles solicite:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- MEMORIA DE ACTIVIDADE, na que deberán incluírse:

1. Descrición da actividade que se pretende por en marcha.
2. Servizos que o concesionario porá a disposición dos clientes.

-MEMORIA DE OBRAS E EQUIPAMENTOS

1. Descrición das obras que se pretenden realizar e importe total das mesmas.
2. Descrición do mobiliario e maquinaria e o importe total das mesmas e ficha técnica no caso da maquinaria.

-PREZO: mellora á alza do canón de concesión.

19.2.- A estes efectos, o Concello ten que aprobar as bases correspondentes coa suficiente antelación para cada convocatoria de outorgamento de concesións e cesións de uso, e que se inclúan os requisitos e criterios de adjudicación, o canón e as taxas.

19.3.- Considerando a maior profesionalidade e calidade do comercio e a protección das persoas consumidoras, os criterios que se poderán ter en conta para adjudicar as concesións serán, entre outros, os seguintes:

DA ACTIVIDADE QUE SE PRETENDE POR EN MARCHA:

En canto ao produto:

- Que poñan a venda produtos de Galicia.
- Que poñan a venda produtos da comarca.
- Que poñan a venda produtos de elaboración artesanal.
- Que elaboren produtos no propio mercado.
- Que poña á venda produtos ecolóxicos.
- Que realicen degustacións de produto no propio mercado.

En canto aos servizos:

- Que permitan o pago con tarxeta.



- Que fagan entrega a domicilio.
- Que empreguen materiais biodegradables no empaquetado.
- Que estean de alta no SAC (Sistema Arbitral de Consumo).

DAS OBRAS E EQUIPAMENTO PROPOSTO.

En canto as obras e equipamentos:

- O emprego de materiais naturais e propios da zona e acordos coa Memoria decorativa do Mercado de Pontedeume.
- A instalación de maquinaria de baixo consumo.
- Prezo: mellora á alza do canón de concesión.

Artigo 20.- Prazo das concesións.

O prazo de duración da concesión administrativa será o determinado no prego decláusulas administrativas. O dito prazo se contará a partir do día da formalización escrita do documento concesional.

Artigo 21.- Traspasos e cesións das concesións administrativas e dos dereitos de uso.

21.1.-As concesións son transmisibles "inter vivos" e "mortis causa", polo tempo que quede de finalización, de acordo co que dispoñen os artigos seguintes e previa autorización.

O traspaso e cesión destes dereitos suporá a subrogación das persoas adquirentes en cantos dereitos e obrigas sexan inherentes á concesión administrativa. A persoa adquirente terá que continuar coa mesma actividade comercial que o seu antecesor, excepto autorización deste Concello.

21.3.- A transmisión da concesión "inter vivos" poderase facer a favor das persoas de primeiro grado de consanguinidade ou afinidade, que deberán cumprir as condicións requiridas para ser concesionario ou concesionaria de posto fixo; neste suposto a transmisión poderá efectuarse de forma directa, sen prexuízo que teñan que cumprirse igualmente os requisitos previstos para o exercicio da actividade de venda.

A transmisión neste caso requirirá presentación de solicitude ao Concello; Nesta solicitude ten que constar a seguinte documentación:

- Nome e apelidos do transmitinte e adquirente.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-Xustificación da relación de parentesco.

-Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.

-Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Ponte deume.

Unha vez verificada a documentación aportada polos Departamentos correspondentes do Concello, se procederá a ditar resolución polo órgano competente.

21.4.- En caso de morte do titular, a concesión pasará a nome do seu legal sucesor. O herdeiro legal, dentro do prazo de tres meses da defunción do causante, terá que solicitar o cambio de titularidade ó seu favor. A estes efectos terá que aportar ao Concello a seguinte documentación:

-Certificado de defunción do causante.

-Certificado das últimas vontades.

-Escritura da aceptación de herdanza.

-Liquidación do imposto de sucesións correspondente.

Todo isto, sen prexuízo de que no sucesor concorran os requisitos necesarios para ser titular do posto do mercado municipal.

Se se transmite o posto do mercado en "pro-indiviso" de dúas ou máis persoas, estes dentro do prazo de tres meses terán que determinar e comunicar ó Concello cal deles, sucederá na titularidade dos citados postos de venda. De non facelo no prazo sinalado, se declarará caducada a concesión.

21.4.- Os postos de venda que queden vacantes pasarán novamente a posesión do Concello e serán obxecto de nova adxudicación mediante licitación na forma legalmente establecida.

21.5.- Calquera transmisión efectuada sen seguir os requirimentos deste artigo se entenderá como nula e comportará a extinción da concesión sen dereito a indemnización.

22.- Extinción das concesións.



22.1.- As concesións e dereitos de uso extinguiranse por calquera das causas establecidas na lexislación vixente, e ademais:

a.-Renuncia expresa e escrita do titular presentada no Rexistro Xeral de Concello.

b.-Defunción do titular, a excepción do artigo 21.3.

c.-Cesión ou transmisión sen contar coa preceptiva autorización ou sen cumprir cos trámites e requisitos establecidos no presente Regulamento.

d.-Falta de pago das taxas, impostos, cotas e tarifas emitidos, e calquera outro pagamento de carácter obrigatorio, directamente relacionados co Mercado Municipal, durante un prazo de doce meses.

e.-Baixa do titular da concesión ou dereito de uso con imposibilidade de cubrir a súa ausencia, por un prazo igual ou superior ao ano, e sen cubrila.

f.-Sanción firme en aplicación do réxime disciplinario e sancionador establecido neste regulamento.

22.2.- Os titulares das concesións e dereitos de uso, unha vez finalizado o prazo da concesión, terán que deixar os postos a disposición do Concello.

22.3.- Extinguida a concesión ou dereito de usos por calquera das causas legalmente previstas, a persoa concesionaria terá que reintegrar o obxecto da concesión ou dereito de uso en perfecto estado, sen que teña dereito a indemnización, excepto no caso de que sexa por supresión do servizo por parte do Concello.

22.4.- As instalación, obras e melloras realizadas na concesión ou dereito de uso reverterán en beneficio do Concello; Quedarán no dominio da persoa concesionaria tódolos bens que poida retirar sen menoscabar o ben inmovible obxecto da concesión.

22.5.- A extinción da concesión acreditarase mediante a instrución do expediente correspondente na resolución do cal, a máis de declarar extinguida a concesión, se procederá a declaración de vacante da mesma.

22.6.- No caso de renuncia voluntaria do concesionario, o Concello recuperará a plena dispoñibilidade da concesión, e dende o mesmo momento da renuncia voluntaria, o concesionario deixará de reportar ingresos de ningunha clase a favor do Concello con motivo da concesión renunciada; Todo isto, sen prexuízo das débedas que teña o concesionario co Concello as cales non se verán afectadas por a dita renuncia.

22.7.- A renuncia non dará dereito a devolución nin a indemnización de ningunha clase.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

22.8.- No suposto que o Concello, atendendo a circunstancias sobrevidas e por razóns de interese público, resolva as concesións antes do vencemento do prazo, se dará audiencia á persoa interesada, e se cabe, se lle indemnizará polo danos e prexuízos que se ocasionen, de acordo coa normativa vixente.

TÍTULO V.- DEREITOS E DEBERES.

Artigo 23.- Dereitos dos/las concesionarios/as:

Os/las concesionarios/as de postos no mercado terán os seguintes dereitos:

1. Utilizar de forma privativa o espazo físico que constitúe o posto nos termos e condicións que se establecen na concesión.
2. Utilizar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
3. Entrar no mercado antes de abrir ao público para preparar a mercadoría, dando todo tipo de facilidades para que se realice a inspección sanitaria ao efecto que esteanas mellores condicións.
4. Instalar nos respectivos postos os elementos necesarios para o exercicio da correspondente actividade mercantil, previa autorización da dirección do mercado.
5. En xeral, a todos os dereitos derivados da normativa reguladora.

Artigo 24.- Deberes dos/las concesionarios/as:

Terán os concesionarios de postos as seguintes obrigas de carácter esencial:

- 1.-Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen que inclúa nela o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.
- 2.-Estar en posesión do certificado de manipulador, tanto o titular coma as demaispersoas que traballen no posto. O dito documento deberá ser mostrado, cantas veces requira para isto.
- 3.-Comunicar, por escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ó que se produza as citadas situacións.



4.-Expor os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercializan, en lugar visible e claro, de xeito que poidan ser apreciados polos consumidores con claridade total.

5.-Manter o posto aberto ao público durante o horario de apertura venda ao público, salvo causa xustificada. Do mesmo xeito, o posto pecharase diariamente ó finalizar o calendario antes mencionado, adoptando tantas precaucións como sexa necesario para evitar posibles sinistros.

6.-Manter os postos, así como outras instalacións, en bo estado, coidando que estean limpos, libres de residuos e en condicións hixiénico-sanitarias perfectas, depositar lixo e desperdicios nos lugares indicados para tal fin.

7.-Usar instrumentos de pexase e medición axustados aos modelos autorizados, estando facultado o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitude dos mesmos.

8.- Vestir de xeito axeitado e aseadamente a roupa adecuada. No que se refire a vestimenta aprobárase por parte do Concello un manual identificativo da vestimenta.

9.- Non sacrificar no mercado os animais destinados á venda, nin tampouco realizaras operacións de desplumaxe, despelexado ou similares.

10.- Non negarse a vender os produtos expostos para a súa comercialización.

11.- Aboar o importe dos danos e perdas que o propietario, os familiares ou as persoas dependentes dos mesmos, causaren aos bens suxeitos á autorización, ás instalacións ou no Edificio do Mercado.

12.- Xustificar, cando sexan requeridos, o pago de impostos e execucións municipais por razón do exercicio do comercio no postos ocupados.

13.- Non colocar paquetes nin caixas de produtos nos corredores fora do horario habilitado para ilo; non se poderá depositar mercancías fora do espazo do posto en base ao cal concedeuse a autorización.

14.- Estar en posesión do libro de queixas/reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, atendendo a normativa de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

15.- Atender ao seu cargo os gastos de electricidade, de consumo de auga e de servizos de comunicación producidos polos usos particulares nos postos que ocupen de acordo cos contadores instalados.

16.- Satisfacer o canón correspondente ó posto adxudicado de acordo co prego de cláusulas que rexe a concesión.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

17.- Realizar pola súa conta e cargo as obras que o Concello estime necesarias para que os postos se atopen en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización do Concello.

18.- Cada titular obrígase a contratar, pola súa conta, os seguros necesarios para cubrir os riscos que poidan producirse durante o exercicio da súa actividade.

19.- Cada titular terá que ter vixentes, en todo momento, tódalas licenzas e autorizacións administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.

20.- Dispor e executar un plan de desinfección e desratización do seu posto de traballo.

21.- Deberán cumprir a normativa vixente en materia de xestión de residuos e realizar contratación externa dun xestor autorizado se procede.

TÍTULO VI.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

Artigo 25.- Os/as concesionarios/as dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións deste Regulamento, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.

Artigo 26.- Clasificacións das infraccións:

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

- a) A falta de limpeza dos postos e do entorno dos mesmos.
- b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.
- c) A falta da consideración debida aos compradores.
- d) O peche non autorizado do posto, sen causa xustificada, durante un prazo de máis de cinco días.
- e) O incumprimento do horario establecido.
- f) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a placa ou título administrativo identificativo e os prezos de venda das mercancías.



- g) O descoido no aseo persoal das persoas titulares ou os seus colaboradores.*
- h) A inobservancia non reiterada das instrucións da Dirección do Mercado e demais persoal que desenvolva as súas funcións nos Mercado en aplicación deste Regulamento.*
- i) Non ter, a disposición dos consumidores e usuarios, as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo respecto diso.*
- j) Calquera infracción deste Regulamento que non estea tipificada como faltagrave ou moi grave.*

2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexasancionado por resolución firme por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.*
- b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da Dirección do Mercado.*
- c) Todo incumprimento das obrigacións sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e neste Regulamento.*
- d) As ofensas, de palabra ou de obra, as persoas que se atopen no mercado, ben sexan público ou funcionarios ou empregados municipais.*
- e) Non ter datos de alta na Seguridade Social ao persoal empregado que atende os postos.*
- f) Os altercados que produzan escándalo dentro do Mercado ou das súas inmediatezas, con resultados de lesións ou danos.*
- g) Causar negligentemente danos ao edificio, postos e instalacións.*
- h) O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.*
- i) As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.*
- j) O cambio de uso ou actividade comercial do posto sen autorización municipal.*
- K) O cerre dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.*
- l) A modificación da estrutura e instalacións dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.*

3. Consideraranse infraccións moi graves:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.
- b) O destino do posto a almacén.
- c) A cesión do posto a un terceiro sen a observancia dos requisitos esixidos ao efecto no presente Regulamento.
- d) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e empregados municipais afectos aos Mercados, no desempeño das súas funcións.
- e) Causar dolosa e negligentemente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.
- f) A atención dos postos por persoas distintas do titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.
- g) O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.
- h) O impago do canon e as taxas da concesión.

Artigo 27.- Clasificación das sancións:

27.1.-As infraccións poderán ser sancionadas como segue:

- a) As leves con apercibimento ou multa de ata 750 euros.
- b) As graves con apercibimento e multa de 751 ata 1500 euros.
- c) As moi graves con extinción da concesión e multa de 1501 ata 3000 euros.

27.2.-Para a graduación ou cualificación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

- I) A natureza dos prexuízos causados.
- II) O grado de intencionalidade do infractor ou reiteración.
- III) A cuantía do beneficio obtido.
- IV) A reincidencia, cando non sexa determinante da infracción.



V) O prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.

VI) O número de consumidores e usuarios afectados.

3. A imposición de sancións requirirá a incorporación do oportuno expediente sancionador atendendo a normativa de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 28.- Prescrición de infraccións:

a) As leves, aos dous meses.

b) As graves, ao ano.

c) As moi graves, aos dous anos.

O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día que se cometan a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que puidese incoarse o procedemento, e de conformidade co previsto na normativa de procedemento administrativo común para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN FINAL: Unha vez se produza a entrada en vigor deste Regulamento, queda sen efecto o Regulamento do Mercado de Pontedeume, publicado no BOP 202, de 5 de setembro de 1985 e demais normativa.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de TRINTA DÍAS para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [dirección [https:// www.pontedeume.gal](https://www.pontedeume.gal)] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume, á data sinalada na marxe.”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habiéndose intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **5 votos a favor** (PSOE) e **2 abstencións** (PP e BNG) dos/as membros presentes.”

De seguido, a Presidencia abre a quenda para o debate.

D^a Yolanda Vazquez Busto, puntualiza que no punto 26.1.d do Regulamento indica por erro un prazo de máis de 5 días, cando debería ser de menos de 5 días.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, con respecto á Comisión Mixta formada polo concello e a agrupación de concesionarios, entendendo que nesta agrupación de concesionarios non teñen porque estar toda a xente que forme parte do mercado e sendo que esta agrupación de concesionarios é a interlocutora ante o concello, pregunta se o resto dos que non estén incluídos nesa agrupación van poder ser interlocutores ante o concello dalgunha maneira.

D^a Yolanda Vazquez Busto, contesta que dende o concello vaise intentar impulsar esa forma de asociación sen obligar a ninguén a pertencer a unha asociación, pero si contar coa ferramenta do quorum necesario.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, insiste en si poderían participar ou non como interlocutores nas reunións entre o concello e os placeiros posto que no reglamento só contempla a agrupación de concesionarios, e que pode haber xente que non queira pertencer a esa agrupación.

D^a Angela Piñeiro Carrera e D^a Yolanda Vazquez Busto fan mención que de maneira individual ou conxunta procurárase sempre e intentárase dar atención.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, pide que se recollera algo no reglamento que faga mención a que aquelas persoas que non formen parte desta agrupación poidan tamén ser interlocutores e que poidan acudir ás reunións.

D. José Simoes Couceiro, indica que se non están dentro da Comisión Mixta non poden votar.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, solicita que teñan voz e se poidan integrar nas reunións co concello aquelas persoas que non forman parte da agrupación de concesionarios.

D. José Simoes Couceiro, fai mención que o funcionamento dunha Comisión Mixta terán voz pero sin voto.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, inidca que sin voto non lle parece adecuado xa que terán que ser escoitados todos os concesionarios non só os que formen parte desa agrupación.



Dª Yolanda Vazquez Busto, salienta que o que se pretende con esta ferramenta é a obtención da xestión subvencións que só se pode a través dunha asociación de praceiros e por outro lado a transmisión de problemas xerais sen perxuízo de que calquer persoa que teña algún problema poderá dirixirse ao concello de maneira individual.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, indica que ante este punto o grupo Popular vai ser a abstención.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, comeza a súa intervención felicitando que por fin haxa un regulamento que podería estar feito xa hai tres ou catro anos e despois de 6 anos o haxa aínda que se tiveron en pouca consideración as suxerencias que se fixeron.

Temos un par de puntuacións:

1. Creemos que é inaceptable que a dirección do mercado poda caer nunha empresa externa nunha persoa designada a dedo pola empresa, e que no caso de ser necesaria esta dirección que recaiga en persoal propio.
2. Sobre a Comisión Mixta pregunta quen vai formar parte desta Comisión por parte do concello ¿ademáis do goberno vai estar representado alguén da sociedade civil, alguén dos partidos políticos?
3. Sobre os vendedores ambulantes, non sei a que estamos esperando para facer outro proceso de concorrencia competitiva, ocupar os postos xa, e poñer o mercado en condicións administrativas e que estes vendedores podan estar dende o primeiro día.
4. Cree interesante que ademáis das figuras de vendedores profesionais e vendedores de excedentes debería estar recollida unha figura que favorezca a venta dos produtos da comarca, labregos profesionais coa súa actividade principal que é a de ser labregos e ter un privilexio aos produtos da comarca e da horta.

Considera que de todos os puntos o máis importante de todos é o da dirección de mercado e que aínda que están desexando que o regulamento se aprobe xa canto antes, non poden votar a favor de ningunha maneira e que o proceso de concorrencia competitiva para os vendedores ambulantes debería estar xa sobre a mesa.

Dª Yolanda Vazquez Busto, responde que con respecto a dirección do mercado deixase aberta as dúas opcións, con respecto á Comisión Mixta habrá que esperar a ver si se constitúe esa agrupación de praceiros, con respecto aos vendedores ambulantes será o seguinte paso que realicemos para votalo a andar e co tema dos labregos profesionais no plano do mercado hai catro postos que xa están adicados a produto local.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, indica estamos en contra de que se poda sinalar a dedo a dirección do mercado e ¿quen vai a representar ao concello nesa Comisión Mixta?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D^a Yolanda Vazquez Busto, responde que no regulamento ven reflexado os compoñentes e á espera de que se forme esa agrupación de praceiros.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, pregunta, ¿non ten nada que ver a agrupación coa representación do concello?.

D^a Yolanda Vazquez Busto, responde que cando sepamos que xente ocupará o mercado.....que xente está nos postos...

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, pregunta ¿é independente.....

O Sr. Alcalde - Presidente, pide no interrumpir

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, responde, totalmente de acordo.

D^a Yolanda Vazquez Busto, continúa, quedamos á espera da finalización do concurso e da constitución da asociación.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, solicita a palabra de novo.... é independentemente da asociación, e pregunta novamente quen vai representar nesa Comisión Mixta ao concello.

D^a Yolanda Vazquez Busto e D^a Angela Piñeiro Carrera, responde que é algo que se vai a tratar e que se deixa xa que non está aínda establecido.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume, nos termos en que figura no expediente coa redacción que a continuación se recolle:

PROXECTO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.

PREÁMBULO

A apertura do Mercado Municipal de Ponte deume, edificio rehabilitado na súa totalidade, é unha competencia de prestación de servizo público de mercado, de acordo co regulado no artigo 25.2.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



O Mercado Municipal de Pontedeume é un punto estratéxico na memoria e difusión dos produtos de proximidade e da gastronomía; é un centro de venda directa ó público, de carácter permanente, a finalidade do cal é:

-Asegurar o abastecemento de artigos da primeira necesidade e favorecer a súa competencia en prezos de competencia e calidade. Tamén forma parte deste servizo a venda dos produtos baixo calquera forma de transformación ou manipulación autorizada, cumprindo todas as normativas aplicables e especialmente a normativa de seguridade alimentaria, realizada nas mesmas instalacións do mercado e fora deste.

-Ser un equipamento que facilite formas de venda alternativas baseadas na venda personalizada, a calidade do produto e o servizo.

-Canalizar as producións agroalimentarias da bisbarra.

-Formar unha concentración comercial e ser un espazo de especialización que sexa motor da zona comercial que atraia a implantación doutras actividades comerciais ós locais adxacentes.

Entre os obxectivos deste regulamento está establecer un novo marco de relación entre o Concello e os titulares de todos os puntos de venda e concesionarios do Mercado Municipal para facilitar a xestión deste servizo público en beneficio da poboación consumidora e da sociedade en xeral.

TITULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

O Mercado Municipal de Pontedeume se configura como un ben de dominio público municipal, destinado ó servizo público de abastecemento ou venda de produtos, prioritariamente alimentarios.

O ámbito de aplicación deste Regulamento refírese exclusivamente ó Mercado Municipal de Pontedeume, sendo de carácter obrigatorio para todos os concesionarios, ocupantes ou persoas que realicen actividades económicas.

Artigo 2.- Definicións.

Os efectos deste Regulamento, os conceptos que se relacionan a continuación terán a seguinte nomenclatura:

a) Lugares de venda: Serán os espazos destinados á venda dentro da totalidade do edificio do mercado municipal.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

b) Concesionarios: Titulares das concesións administrativas dos lugares da venda do mercado, que outorgue o dereito de uso de un lugar de venda.

c) Os titulares dunha autorización administrativa: Titulares de autorizacións administrativas que estarán ubicados na parte correspondente aos soportais, o que se denominará paradas ambulantes.

d) Paradas ambulantes: Aquelas que polo seu carácter eventual estean instaladas en mesas móbiles nos espazos do mercado, que se considere convinte sinalar; estas paradas se dedicarán preferentemente a venda de produtos e excedente da horta das fincas situadas dentro da comarca e zona de influencia.

Artigo 3.- Propiedade.

O inmovible onde se ubica o mercado municipal, ten a condición de ben de dominio público afecto a un servizo público, e en base a isto é inalienable, inembargable e imprescritible.

Os acredores dos titulares dos dereitos de uso e explotación comercial, se obtivesen o embargo dos dereitos de uso e explotación comercial do negocio que exercen, estarán suxeitos ó pago das exaccións e cotas e o cumprimento das outras obrigacións impostas ós titulares.

Artigo 4.- Prohibicións.

Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con postos móbiles e desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto e arredores dos mercados municipais de abastos, agás dos que teñan concedida autorización municipal, que estarán ubicados nos soportais do inmovible do mercado municipal.

TÍTULO II.- ORGANIZACIÓN.

CAPÍTULO I.- DIRECCIÓN DO MERCADO.

Artigo 5.- A Dirección do Mercado será exercida por unha persoa contratada polo Concello, xa sexa en réxime contratación externa ou en réxime de persoal do Concello de Ponte deume.

Artigo 6.- As súas funcións serán:

-Dirección superior do Mercado de Ponte deume.

-A responsabilidade da xestión da promoción e dinamización comercial.



-A relación cos concesionarios e coa agrupación de concesionarios.

-As actuacións de mellora en xeral da marca e do espazo do Mercado de Pontedeume. O exercicio destas funcións requirirán unha dedicación e presenza efectiva plena no edificio do Mercado Municipal.

CAPÍTULO II.- AGRUPACIÓN DE CONCESIONARIOS DO MERCADO MUNICIPAL.

Artigo 7.- Agrupación de Concesionarios do Mercado Municipal.

7.1.- Tódolos concesionarios, pola súa condición, poderán ser membros da Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, con tódolos seus dereitos e obrigas inherentes á condición de membro, entre eles, contribuír economicamente ó seu mantemento, segundo as taxas que se aproben anualmente en Asemblea Xeral.

7.2.- Esta Agrupación de concesionarios, terá natureza xurídico-privada e rexese pola normativa de asociacións. Será a interlocutora co Concello de Pontedeume, e participará activamente na organización, o funcionamento e control do mercado municipal e para a mellor solución dos seus problemas.

7.3.- A Agrupación de concesionarios rexerese polos principios democráticos e adoptarán as súas decisións por maioría e elixirán unha Xunta Directiva e un Presidente. Cada concesionario integrante da Asociación será considerado un voto e ós efectos de computar a maioría se consideraran os votos dos asistentes e debidamente representados. Esta Xunta designará as persoas interlocutoras validas co Concello.

7.4.- En canto ó resto, a organización e funcionamento será o que libremente decida a mesma organización nos seus Estatutos que terán que ser respectuosos co presente regulamento, e será librado ó Concello unha copia, así como as modificacións que se leven a cabo.

Artigo 8.- Comisión Mixta.

8.1.-Se constituirá unha Comisión Mixta Concello-Agrupación de concesionarios do Mercado Municipal, cunha composición paritaria, que estará formada por un número de seis persoas: tres representantes por cada unha das partes.

8.2.-Esta Comisión terá carácter consultivo e de asesoramento en aqueles temas relacionados coa xestión, funcionamento, organización e posibles problemas do mercado municipal que pola súa importancia requiran dun tratamento específico.

Artigo 9.-

O réxime de reunións e aspectos vinculados á comisión será o que se determine na súa constitución, que se terá que realizar como máximo seis meses despois da aprobación

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

definitiva deste Regulamento mediante o encontro entre os membros designados polo Concello e os representantes que a Agrupación de concesionarios designe a tal efecto.

TÍTULO III.- RÉXIME INTERIOR E FUNCIONAMENTO.

Artigo 10.- Horarios e calendario do Mercado.

10.1.-Coma norma xeral, o Mercado permanecerá aberto ó público diariamente de luns a sábado, no horario comprendido pola mañá entre as oito (8:00 h) e as catorce trinta horas (14:30 h) e pola tarde, os martes e os sábados, en horarios comprendidos entre as 16:30 e as 20:00 horas.

10.2.- O horario de actividade máxima (diferente do comercial ou de apertura ó público) do mercado o regulará de forma específica o Concello, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal.

10.3.-Tódalas actividades propias do Mercado, dende carga e descarga interior ata ó acondicionamento das paradas, incluída a propia venta, terán que realizarse dentro do horario de actividade máximo fixado.

10.4.-Os horarios establecidos, poderán ser modificados por razón de interese pública por Decreto de Alcaldía, previa consulta á Agrupación de concesionarios do Mercado municipal; Os novos horarios serán publicados no BOP e na páxina web municipal ao fin de lograr a súa máxima difusión.

10.5.- O edificio do mercado permanecerá cerrado fora do horario de actividade máximo establecido, ademais de tódolos domingos e festivos, sempre que non se aprobará previamente a súa apertura.

Artigo 11.- Normas relativas a carga e descarga.

11.1.-Os horarios de carga e descarga interior e exterior serán fixados polo Concello de Ponte deume, dentro do horario máximo de actividade do mercado, previa consulta á Agrupación de concesionarios.

11.2.-O transporte de mercancías accederá ao edificio do Mercado Municipal, para realizar a carga e descarga, nos lugares habilitados ao efecto.



11.3.-Mentres o Mercado estea aberto ó público, queda prohibido o almacenamento e estacionamento de mercancías e carretas, no lugar de carga e descarga, accesos e corredores e tamén a súa circulación, excepto o tempo indispensable para efectuar os traballos de reposición e sempre que non dificulte o acceso e a compra dos clientes.

11.4.-Fora do horario definido polo servizo municipal responsable da vía pública, non poderá utilizarse a zona exterior do mercado para ocupala con caixas ou outros paquetes, sen autorización municipal expresa. Da mesma maneira, dentro do horario comercial, a non ser que o servizo municipal responsable da vía pública permita acarga e descarga das mercancías, non poderán depositarse caixas ou outros paquetes nas aceiras nin nas portas do mercado.

11.5.-Poderán colocarse paquetes nos corredores, fora do horario comercial ou de apertura ao público, para proceder ao abastecemento ou recollida das paradas. Non obstante, os paquetes poderán colocarse de forma ordenada e ocupando o mínimo espazo posible, especialmente o redor da zona de venda da froita, peixe e carne.

Non poderá colocarse ningunha caixa apoiada ás portas de entrada do mercado nin a menos de tres metros lineais destas. En todo caso, queda totalmente prohibida a existencia de calquera obstáculo que, xerado pola colocación de paquetes e mercancías nos corredores, impida o libre paso, salvo días especialmente programados polo concello, nos que se celebren eventos que xustifiquen a colocación de elementos decorativos no exterior dos postos

11.6.-Os transportistas serán responsables dos danos que causaren con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.

Artigo 12.- Aspectos sanitarios e xestión do lixo.

12.1.- A limpeza diaria dos espazos comúns será realizada tódolos días en que o mercado estea aberto ao público, dentro do horario máximo de actividade do mercado. A limpeza dos servizos e corredores efectuarase de forma continuada, de acordo coa planificación que efectúe a Dirección do mercado, para asegurar en todo momento a limpeza, hixiene e salubridade do mercado e as súas instalacións.

12.2.- Os titulares dos postos de venda terán que ter perfectamente limpos, tanto o espazo que ocupan, como a parte de corredor frontal ó mesmo.

12.3.- Os titulares dos postos de venda e servizos, terán que dispoñer de recipientes adecuados para seleccionar e depositar separadamente os residuos xerados pola actividade. Os recipientes terán que baleirarse no espazo habilitado no mercado para o lixo, as veces que sexa necesario. Os lugares de venda destinados a peixe, marisco, carnicerías, froita e verduras e produtos frescos, os recipientes terán que estar tapados para evitar olores.

Artigo 13.- Seguridade alimentaria.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

13.1.- O exercicio da actividade da venda de produtos alimentarios, comerciais ou de restauración por parte dos titulares dos postos de venda se practicará conforme á normativa sectorial vixente, á normativa laboral, á de seguridade alimentaria, á de riscos laborais e á de xestión de medio ambiente, vixente en cada momento. O mesmo é de aplicación para a venda de produtos non alimentarios, o almacén, transporte, manipulación e venda dos cales non se terá que xerar ningún prexuízo nin poñer en risco a calidade, salubridade ou imaxe dos artigos alimentarios frescos, conxelados ou transformados postos a venda dentro do recinto do mercado.

13.2.- Queda expresamente prohibido por este Regulamento:

a) A venda de calquera tipo de produto destinado á alimentación sen acreditar a súa orixe e trazabilidade e os demais requisitos que sexan esixibles segundo a lexislación vixente.

b) O desplumado de aves, e outras accións análogas referidas ao procesado de animais e outros produtos nos espazos de venda ou dentro do recinto do Mercado municipal de abastos, incluíndo os espazos comúns deles.

c) A venda de caza ou mariscos durante épocas de veda, salvo os procedentes de granxa ou acuicultura.

13.3.- Os traballadores dos postos de venda de produtos alimentarios e de restauración tamén están obrigados a cumprir tódalas normas de seguridade alimentaria e laboral.

13.4.- Non se poderá iniciar a venda sen que se houberan colocado en lugar visible e de acordo coas normas reguladoras en cada caso e momento, previamente, os prezos de cada un dos produtos postos á venda.

13.5.- O Mercado Municipal de Ponte deume inclúese dentro da rede de alertas alimentarias do Concello, polo que no caso de que se teña coñecemento oficial dalgunha alerta sanitaria, esta será difundida a través da súa publicación no apartadoda páxina web adicado a Mercado Municipal.

Artigo 14.- Instalacións comúns do Concello.

14.1.- Teñen carácter de instalacións comúns con mantemento a cargo do Concello as seguintes:

-Elementos de cerramento das instalacións do mercado municipal.



-Estructura interior do mercado municipal.

-Conserxería.

-Zona de lactancia.

-Zona de xestión de residuos.

-Postos baleiros sen titular.

-Corredores.

-Baños.

-Accesos.

14.2.- En tódalas instalacións, o Concello deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Prevención de Riscos Laborais. As distintas medidas preventivas que se adopten deberán ser comunicadas convenientemente ás persoas concesionarias.

14.3.- As persoas concesionarias, deberán velar polo axeitado mantemento das instalacións comúns, sendo responsables individualmente dos danos que por uso indebido ou accidentalmente lles puidesen causar, no decurso das súas actividades comerciais.

Artigo 15.- Reformas.

O Concello poderá efectuar as reformas que considere necesarias no mercado municipal, sen que os concesionarios poidan esixir indemnización algunha pola redución de vendas motivadas por tales reformas.

O Concello terá a obriga de comunicar aos concesionarios a data de inicio e a data aproximada de fin de obra. As reformas que leve a cabo o Concello sempre deberán ser planificadas e previstas coa suficiente antelación para perxudicar o mínimo posible ós concesionarios.

Artigo 16.- Imaxe, simboloxía e sinalética.

16.1.- O Concello aprobará a imaxe e simboloxía identificativa para o Mercado Municipal, así como a regulación e directrices para o seu uso e utilización nas diferentes áreas relacionadas co Servizo.

16.2.- As persoas concesionarias estarán obrigadas a adaptar os seus postos ás directrices de imaxe e simboloxía que o Concello determine, sen prexuízo de que o Concello, para levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos neste Regulamento poderá aplicar a estes procesos subvención propias, ou axudas procedentes doutras Administracións.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

16.3.- O Concello será responsable da instalación de sinalética que corresponda, nos espazos comúns establecidos neste Regulamento.

16.4.- A denominación dos postos fixos estará integrada polo número do posto, o nome comercial ou do titular do posto.

TÍTULO IV.- REGULACIÓN DAS CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS .

CAPÍTULO I.- CONDICIÓN DOS CONCESIONARIOS.

Artigo 17.- Capacidade xurídica e de obrar.

Poderán ser titulares das paradas, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española, dun outro país da Unión Europea ou dun terceiro país con permiso de residencia e traballo, sempre que teñan plena capacidade xurídica ou do obrar.

Non poderán selo:

-Os comprendidos nalgún dos casos de incapacidade previstos na normativa en materia de contratación pública.

-Aqueles que non reúnan as condicións esixidas neste Regulamento.

-E os reincidentes en faltas de defraudación na venda de artigos, cando a última sanción estivera imposta en menos dun ano antes do anuncio de licitación.

Artigo 18.- Concesións administrativas, licencias e cesións de uso dos lugares destinados a usos comerciais ou de restauración.

18.1.- O obxecto da concesión, da licencia ou a cesión de uso é o dereito a ocupar, con carácter exclusivo, os postos destinados á actividade comercial ou restauración, coa finalidade e obriga respecto aos primeiros, de destinalos a venda na modalidade e os artigos para os cales estea clasificado, dentro da relación dos autorizados e, con carácter exclusivo ou comunitario se é posible os espazos e partes proporcionais dos servizos auxiliares ou comúns do mercado.

18.2.- As concesións administrativas e outras cesións de uso se adjudicarán mediante un procedemento de licitación que garante o respecto aos principios de igualdade, de publicidade e concorrència. Isto sen prexuízo do réxime específico das licenzas de uso e ocupación provisional.



18.3.- As concesións administrativas, as licenzas e outras cesións comportan que os concesionarios e os titulares das licenzas asuman a xestión e explotación dos lugares de venta, baixo o seu propio risco, e que aporten os medios persoais, materiais e técnicos necesarios así coma a realización das obras necesarias para adecuar asparadas ou locais comerciais.

Artigo 19.- Procedemento de selección dos concesionarios.

19.1.- O procedemento de selección para outorgar as concesións, así como para cubrir as vacantes farase en réxime de concorrencia competitiva, previa convocatoria pública do procedemento aberto correspondente, e coma resultado dun procedemento baseado nos principios de transparencia, concorrencia, imparcialidade e publicidade. Os interesados en concorrer a esta convocatoria deberán presentar, ademais da documentación que se lles solicite:

- MEMORIA DE ACTIVIDADE, na que deberán incluírse:

1. Descrición da actividade que se pretende por en marcha.
2. Servizos que o concesionario porá a disposición dos clientes.

-MEMORIA DE OBRAS E EQUIPAMENTOS

1. Descrición das obras que se pretenden realizar e importe total das mesmas.
2. Descrición do mobiliario e maquinaria e o importe total das mesmas e ficha técnica no caso da maquinaria.

-PREZO: mellora á alza do canón de concesión.

19.2.- A estes efectos, o Concello ten que aprobar as bases correspondentes coa suficiente antelación para cada convocatoria de outorgamento de concesións e cesións de uso, e que se inclúan os requisitos e criterios de adjudicación, o canón e as taxas.

19.3.- Considerando a maior profesionalidade e calidade do comercio e a protección das persoas consumidoras, os criterios que se poderán ter en conta para adjudicar as concesións serán, entre outros, os seguintes:

DA ACTIVIDADE QUE SE PRETENDE POR EN MARCHA:

En canto ao produto:

- Que poñan a venda produtos de Galicia.
- Que poñan a venda produtos da comarca.
- Que poñan a venda produtos de elaboración artesanal.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Que elaboren produtos no propio mercado.
- Que poña á venda produtos ecolóxicos.
- Que realicen degustacións de produto no propio mercado.

En canto aos servizos:

- Que permitan o pago con tarxeta.
- Que fagan entrega a domicilio.
- Que empreguen materiais biodegradables no empaquetado.
- Que estean de alta no SAC (Sistema Arbitral de Consumo).

DAS OBRAS E EQUIPAMENTO PROPOSTO.

En canto as obras e equipamentos:

- O emprego de materiais naturais e propios da zona e acordos coa Memoria decorativa do Mercado de Ponte deume.
- A instalación de maquinaria de baixo consumo.
- Prezo: mellora á alza do canón de concesión.

Artigo 20.- Prazo das concesións.

O prazo de duración da concesión administrativa será o determinado no prego de cláusulas administrativas. O dito prazo se contará a partir do día da formalización escrita do documento concesional.

Artigo 21.- Traspasos e cesións das concesións administrativas e dos dereitos de uso.

21.1.-As concesións son transmisibles "inter vivos" e "mortis causa", polo tempo que quede de finalización, de acordo co que dispoñen os artigos seguintes e previa autorización.

O traspaso e cesión destes dereitos suporá a subrogación das persoas adquirentes en cantos dereitos e obrigas sexan inherentes á concesión administrativa. A persoa adquirente terá que



continuar coa mesma actividade comercial que o seu antecesor, excepto autorización deste Concello.

21.3.- A transmisión da concesión “inter vivos” poderase facer a favor das persoas de primeiro grado de consanguinidade ou afinidade, que deberán cumprir as condicións requiridas para ser concesionario ou concesionaria de posto fixo; neste suposto a transmisión poderá efectuarse de forma directa, sen prexuízo que teñan que cumprirse igualmente os requisitos previstos para o exercicio da actividade de venta.

A transmisión neste caso requirirá presentación de solicitude ao Concello; Nesta solicitude ten que constar a seguinte documentación:

- Nome e apelidos do transmitinte e adquirente.
- Xustificación da relación de parentesco.
- Declaración responsable do adquirente que reúne tódalas condicións necesarias para poder exercer a actividade no mercado.
- Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento de débedas coa Axencia Tributaria estatal e autonómica, a Seguridade Social e o Concello de Pontedeume.

Unha vez verificada a documentación aportada polos Departamentos correspondentes do Concello, se procederá a ditar resolución polo órgano competente.

21.4.- En caso de morte do titular, a concesión pasará a nome do seu legal sucesor. O herdeiro legal, dentro do prazo de tres meses da defunción do causante, terá que solicitar o cambio de titularidade ó seu favor. A estes efectos terá que aportar ao Concello a seguinte documentación:

- Certificado de defunción do causante.
- Certificado das últimas vontades.
- Escritura da aceptación de herdanza.
- Liquidación do imposto de sucesións correspondente.

Todo isto, sen prexuízo de que no sucesor concorran os requisitos necesarios para ser titular do posto do mercado municipal.

Se se transmite o posto do mercado en “pro-indiviso” de dúas ou máis persoas, estes dentro do prazo de tres meses terán que determinar e comunicar ó Concello cal deles, sucederá na titularidade dos citados postos de venta. De non facelo no prazo sinalado, se declarará caducada a concesión.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

21.4.- Os postos de venta que queden vacantes pasarán novamente a posesión do Concello e serán obxecto de nova adxudicación mediante licitación na forma legalmente establecida.

21.5.- Calquera transmisión efectuada sen seguir os requirimentos deste artigo se entenderá como nula e comportará a extinción da concesión sen dereito a indemnización.

22.- Extinción das concesións.

22.1.- As concesións e dereitos de uso extinguiranse por calquera das causas establecidas na lexislación vixente, e ademais:

a.-Renuncia expresa e escrita do titular presentada no Rexistro Xeral de Concello.

b.-Defunción do titular, a excepción do artigo 21.3.

c.-Cesión ou transmisión sen contar coa preceptiva autorización ou sen cumprir cos trámites e requisitos establecidos no presente Regulamento.

d.-Falta de pago das taxas, impostos, cotas e tarifas emitidos, e calquera outro pagamento de carácter obrigatorio, directamente relacionados co Mercado Municipal, durante un prazo de doce meses.

e.-Baixa do titular da concesión ou dereito de uso con imposibilidade de cubrir a súa ausencia, por un prazo igual ou superior ao ano, e sen cubrila.

f.-Sanción firme en aplicación do réxime disciplinario e sancionador establecido neste regulamento.

22.2.- Os titulares das concesións e dereitos de uso, unha vez finalizado o prazo da concesión, terán que deixar os postos a disposición do Concello.

22.3.- Extinguida a concesión ou dereito de usos por calquera das causas legalmente previstas, a persoa concesionaria terá que reintegrar o obxecto da concesión ou dereito de uso en perfecto estado, sen que teña dereito a indemnización, excepto no caso de que sexa por supresión do servizo por parte do Concello.

22.4.- As instalación, obras e melloras realizadas na concesión ou dereito de uso reverterán en beneficio do Concello; Quedarán no dominio da persoa concesionaria tódolos bens que poida retirar sen menoscar o ben inmovible obxecto da concesión.



22.5.- A extinción da concesión acreditarase mediante a instrución do expediente correspondente na resolución do cal, a máis de declarar extinguida a concesión, se procederá a declaración de vacante da mesma.

22.6.- No caso de renuncia voluntaria do concesionario, o Concello recuperará a plena dispoñibilidade da concesión, e dende o mesmo momento da renuncia voluntaria, o concesionario deixará de reportar ingresos de ningunha clase a favor do Concello con motivo da concesión renunciada; Todo isto, sen prexuízo das débedas que teña o concesionario co Concello as cales non se verán afectadas por a dita renuncia.

22.7.- A renuncia non dará dereito a devolución nin a indemnización de ningunha clase.

22.8.- No suposto que o Concello, atendendo a circunstancias sobrevidas e por razóns de interese público, resolva as concesións antes do vencemento do prazo, se dará audiencia á persoa interesada, e se cabe, se lle indemnizará polo danos e prexuízos que se ocasionen, de acordo coa normativa vixente.

TÍTULO V.- DEREITOS E DEBERES.

Artigo 23.- Dereitos dos/las concesionarios/as:

Os/as concesionarios/as de postos no mercado terán os seguintes dereitos:

1. Utilizar de forma privativa o espazo físico que constitúe o posto nos termos e condicións que se establecen na concesión.
2. Utilizar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ao uso xeral, nas condicións regulamentarias.
3. Entrar no mercado antes de abrir ao público para preparar a mercadoría, dando todo tipo de facilidades para que se realice a inspección sanitaria ao efecto que esteanas mellores condicións.
4. Instalar nos respectivos postos os elementos necesarios para o exercicio da correspondente actividade mercantil, previa autorización da dirección do mercado.
5. En xeral, a todos os dereitos derivados da normativa reguladora.

Artigo 24.- Deberes dos/las concesionarios/as:

Terán os concesionarios de postos as seguintes obrigas de carácter esencial:

- 1.-Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen que inclúa nela o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 2.-Estar en posesión do certificado de manipulador, tanto o titular coma as demais persoas que traballen no posto. O dito documento deberá ser mostrado, tantas veces se requira para isto.
- 3.-Comunicar, por escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partir do seguinte ó que se produza as citadas situacións.
- 4.-Expor os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercializan, en lugar visible e claro, de xeito que poidan ser apreciados polos consumidores con claridade total.
- 5.-Manter o posto aberto ao público durante o horario de apertura de venda ao público, salvo causa xustificada. Do mesmo xeito, o posto pecharase diariamente ó finalizar o calendario antes mencionado, adoptando tantas precaucións como sexa necesario para evitar posibles sinistros.
- 6.-Manter os postos, así como outras instalacións, en bo estado, coidando que estean limpos, libres de residuos e en condicións hixiénico-sanitarias perfectas, depositar lixo e desperdicios nos lugares indicados para tal fin.
- 7.-Usar instrumentos de pesaxe e medición axustados aos modelos autorizados, estando facultado o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitude dos mesmos.
- 8.- Vestir de xeito axeitado e aseadamente a roupa adecuada. No que se refire a vestimenta apróbárase por parte do Concello un manual identificativo da vestimenta.
- 9.- Non sacrificar no mercado os animais destinados á venda, nin tampouco realizaras operacións de desplumaxe, despelexado ou similares.
- 10.- Non negarse a vender os produtos expostos para a súa comercialización.
- 11.- Aboar o importe dos danos e perdas que o propietario, os familiares ou as persoas dependentes dos mesmos, causaren aos bens suxeitos á autorización, ás instalacións ou no Edificio do Mercado.
- 12.- Xustificar, cando sexan requeridos, o pago de impostos e execucións municipais por razón do exercicio do comercio no postos ocupados.
- 13.- Non colocar paquetes nin caixas de produtos nos corredores fora do horario habilitado para isto; non se poderá depositar mercancías fora do espazo do posto en base ao cal concedeuse a autorización.



14.- Estar en posesión do libro de queixas/reclamacións, así como do cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, atendendo a normativa de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

15.- Atender ao seu cargo os gastos de electricidade, de consumo de auga e de servizos de comunicación producidos polos usos particulares nos postos que ocupen de acordo cos contadores instalados.

16.- Satisfacer o canón correspondente ó posto adxudicado de acordo co prego de cláusulas que rexe a concesión.

17.- Realizar pola súa conta e cargo as obras que o Concello estime necesarias para que os postos se atopen en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización do Concello.

18.- Cada titular obrígase a contratar, pola súa conta, os seguros necesarios para cubrir os riscos que poidan producirse durante o exercicio da súa actividade.

19.- Cada titular terá que ter vixentes, en todo momento, tódalas licenzas e autorizacións administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.

20.- Dispor e executar un plan de desinfección e desratización do seu posto de traballo.

21.- Deberán cumprir a normativa vixente en materia de xestión de residuos e realizar contratación externa dun xestor autorizado se procede.

TÍTULO VI.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Artigo 25.- Os/as concesionarios/as dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións deste Regulamento, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.

Artigo 26.- Clasificacións das infraccións:

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Consideraranse infraccións leves:

a) A falta de limpeza dos postos e do entorno dos mesmos.

b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.

c) A falta da consideración debida aos compradores.

d) O peche non autorizado do posto, sen causa xustificada, durante un prazo de máis de cinco días.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- e) O incumprimento do horario establecido.
- f) Non ter exposta ao público, en lugar visible, a placa ou título administrativo identificativo e os prezos de venda das mercancías.
- g) O descoido no aseo persoal das persoas titulares ou os seus colaboradores.
- h) A inobservancia non reiterada das instrucións da Dirección do Mercado e demais persoal que desenvolva as súas funcións nos Mercado en aplicación deste Regulamento.
- i) Non ter, a disposición dos consumidores e usuarios, as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo respecto diso.
- j) Calquera infracción deste Regulamento que non estea tipificada como faltagrave ou moi grave.

2.- Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexasancionado por resolución firme por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.
- b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da Dirección do Mercado.
- c) Todo incumprimento das obrigacións sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e neste Regulamento.
- d) As ofensas, de palabra ou de obra, as persoas que se atopen no mercado, ben sexan público ou funcionarios ou empregados municipais.
- e) Non ter datos de alta na Seguridade Social ao persoal empregado que atende os postos.
- f) Os altercados que produzan escándalo dentro do Mercado ou das súas intermediacións, con resultados de lesións ou danos.
- g) Causar negligentemente danos ao edificio, postos e instalacións.
- h) O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.
- i) As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.
- j) O cambio de uso ou actividade comercial do posto sen autorización municipal.



K) O cerre dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.

l) A modificación da estrutura e instalacións dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.

3. Consideraranse infraccións moi graves:

a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor sexa sancionado por resolución firme por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.

b) O destino do posto a almacén.

c) A cesión do posto a un terceiro sen a observancia dos requisitos esixidos ao efecto no presente Regulamento.

d) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e empregados municipais afectos aos Mercados, no desempeño das súas funcións.

e) Causar dolosa e negligentemente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.

f) A atención dos postos por persoas distintas do titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.

g) O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.

h) O impago do canon e as taxas da concesión.

Artigo 27.- Clasificación das sancións:

27.1.-As infraccións poderán ser sancionadas como segue:

a) As leves con apercibimento ou multa de ata 750 euros.

b) As graves con apercibimento e multa de 751 ata 1500 euros.

c) As moi graves con extinción da concesión e multa de 1501 ata 3000 euros.

27.2.-Para a graduación ou cualificación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

I) A natureza dos prexuízos causados.

II) O grado de intencionalidade do infractor ou reiteración.

III) A cuantía do beneficio obtido.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

IV) A reincidencia, cando non sexa determinante da infracción.

V) O prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.

VI) O número de consumidores e usuarios afectados.

3. A imposición de sancións requirirá a incorporación do oportuno expediente sancionador atendendo a normativa de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 28.- Prescrición de infraccións:

a) As leves, aos dous meses.

b) As graves, ao ano.

c) As moi graves, aos dous anos.

O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día que se cometan a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que puidese incoarse o procedemento, e de conformidade co previsto na normativa de procedemento administrativo común para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN FINAL: Unha vez se produza a entrada en vigor deste Regulamento, queda sen efecto o Regulamento do Mercado de Ponte deume, publicado no BOP 202, de 5 de setembro de 1985 e demais normativa.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de TRINTA DÍAS para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [dirección [https:// www.pontedeume.gal](https://www.pontedeume.gal)] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Solicitar directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos vérense afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.



CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL

A Secretaria da lecura ao ditame da Comisión Informativa, que de seguido se transcribe:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DATA MARTES 8 DE OUTUBRO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000014

Sesión nº: 14/2019-2023

2.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 10 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"Ditame da Comisión Informativa de Facenda

Procedemento: Modificación da Ordenanza fiscal Reguladora da Taxa de ocupación de postos no Mercado Municipal

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA

Por providencia de Alcaldía de data 26/09/2019 iniciouse expediente para a modificación da Ordenanza Fiscal número 10, reguladora da taxa de ocupación de postos no mercado municipal, logo de terse rematado as obras no edificio do mercado municipal e sendo necesario regular consonte á normativa vixente a ordenanza indicada, e adaptala ás novas instalacións así como adecuar o importe da taxa e a súa regulación á realidade actual.

Consta neste expediente estudo técnico-económico da taxa pola prestación de servizos no mercado en praza de abastos e nos seus espazos anexos no que se reflexa os postos fixos e os espazos de almacén, asinado por Patricia Gayoso Prado e con Rexistro de Entrada neste Concello o 20/09/2019.

Coma consecuencia deste estudo técnico-económico, realizouse o proxecto de ordenanza e asinouse polo Alcalde-Presidente en data 26/09/2019, documento adxunto neste expediente.

Por parte da Secretaria Municipal emitíuse informe en data 27/09/2019 en relación ao procedemento de aprobación de modificación da Ordenanza Fiscal n.º 10, reguladora da taxa de ocupación de postos no mercado municipal.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Por parte da Interventora Municipal emitiuse informe en data 27/09/2019 en relación a este asunto de natureza favorable

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE A COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA QUE DITAMINE:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal número 10, reguladora da taxa de ocupación de postos no mercado municipal, atendendo ao seguinte texto:

“PROXECTO DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE OCUPACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto nos artigos 57 e 20.4 letra u) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do dito texto legal, o Concello de Ponte deume establece a Taxa pola prestación de servizos municipais en relación ás actividades de mercados, praza de abastos e nos seus espazos e servizos anexos.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo do mercado, mediante a ocupación dos postos para ser utilizados na venda da clase de mercadorías para o que están destinados e aqueles outros que, aínda sen gozar de posto fixo, verifiquen a venda en ambulancia nos lugares destinados a este fin.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que utilicen o mercado ou praza de abastos para a venda de produtos, ben en postos fixos ou ambulantes, así como os servizos anexos.

ARTIGO 4. RESPONSABLES SOLIDARIOS E SUBSIDIARIOS. SUCESORES.

1. Responderán solidaria ou subsidiariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente os artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

O procedemento para declarar e exixir a responsabilidade será, en cada caso, o previsto nos artigos 175 e 176 do antedito texto legal, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. O procedemento de recadación fronte os sucesores do obrigado ao pago da débeda tributaria será o recollido no artigo 177 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas súas normas de desenvolvemento.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA



A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas correspondentes, calculada consonte ao indicado nos seguintes parágrafos. As tarifas que figuran nesta ordenanza son irredutibles.


A cota tributaria determinarase en función dos metros cuadrados a ocupar na realización da actividade. Fíxase un prezo unitario por metro cuadrado a ocupar, diferenciando dous diferentes, segundo o posto sexa fixo de mercado ou de venda ambulante.

Vistos os diferentes espazos/locais de uso previstos nos planos, e vistos os metros cuadrados dos mesmos, determínase a cota tributaria de acordo coas tarifas especificadas, adicionando a cota tributaria dos locais de venda á correspondente a almacén (tendo en conta que o prezo por metro cuadrado de almacén redúcese a unha porcentaxe do 33,75% do prezo por metro cadrado do local).

5.1. Postos fixos do mercado

A cota tributaria será a suma da cota tributaria por local e da correspondente por almacén (esta última de forma ponderada nun 33,75%), tendo en conta un prezo unitario por m2 de 10,2592 €/m2 e mes no caso dos locais e 3,45 €/m2 e mes no caso dos almacéns.

5.1.1. A cota tributaria por local será o resultado de aplicar as tarifas que seguen, por metro cadrado e mes, de acordo co plano que se xunta:



Posto Número	M ²	Importe mensual	Importe semestral
1	17,62	180,77 €	1.084,62 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Posto Número	M ²	Importe mensual	Importe semestral
2	35,24	361,53 €	2.169,18 €
3	35,24	361,53 €	2.169,18 €
4	17,98	184,46 €	1.106,76 €
5	26,93	276,28 €	1.657,68 €
6	26,93	276,28 €	1.657,68 €
7	8,35	85,66 €	513,96 €
8	8,35	85,66 €	513,96 €
9	20,48	210,11 €	1.260,66 €
10	20,48	210,11 €	1.260,66 €
11	16,70	171,33 €	1.027,98 €
12	8,35	85,66 €	513,96 €
13	8,35	85,66 €	513,96 €
14	20,48	210,11 €	1.260,66 €
15	20,48	210,11 €	1.260,66 €
16	16,70	171,33 €	1.027,98 €

5.1.2. A cota tributaria por almacén será a resultante de aplicar igual contía por metro cadrado á cota que correspondería á superficie do almacén, segundo a tarifa de ocupación de 3,45 €/m² sendo os importes mensuais os seguintes. No caso de que o almacén se adxudique de forma compartida ratearase entre as partes participantes.

Nº Almacén	M ²	Importe mensual	Importe semestral
0	8,35	28,81	172,86
1	10	34,50	207,00
2	6,86	23,67	142,02
3	6,95	23,98	143,88
4	7,27	25,08	150,48



Nº Almacén	M ²	Importe mensual	Importe semestral
5	6,62	22,84	137,04
6	6,29	21,70	130,20
9	5,64	19,46	116,76
10	5,31	18,32	109,92
14	5,97	20,60	123,60
15	4,98	17,18	103,08
16	7,60	26,22	157,32

5.2. Postos de venda ambulante (Postos non fixos).

A cota tributaria será o resultado de aplicar as tarifas que seguen:

8,7426 €/m² por mes

ARTIGO 6 NORMAS DE XESTIÓN E DEVINDICACIÓN DA TAXA

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír:

1.- Cando se proceda á apertura oficial do mercado no novo edificio se asimilará a novas altas, emitíndose liquidación dende o Concello pola cota semestral rateada que proceda.

2.- Nos postos con concesión de aproveitamento xa autorizado ou prorrogado, devindícase o día primeiro do período impositivo, sendo o período impositivo fixado o comprendido entre o día primeiro e o último do ano natural.

A exixibilidade da taxa fixarase por semestres naturais.

O concello aprobará os padróns cobratorios para cada semestre, establecéndose un período de pago en voluntaria de dous meses, a partires do día seguinte ao da publicación de anuncio de notificación colectiva no Boletín oficial da provincia, a través do que se dará conta da súa exposición ao público e do anuncio de cobranza, podendo superpoñerse o período de alegacións ao do inicio do período de cobramento en voluntaria.

O pagamento poderá domiciliarse en contas bancarias de diferentes entidades financeiras.

De non domiciliarse o pagamento, este deberá realizarse no número de conta que se facilite dende o concello nos prazos de pagamento indicados.

3.- Nas concesións/autorizacións de novo aproveitamento, e nos supostos de venda temporal en postos fixos vacantes, devindícase a taxa na data da concesión ou da autorización.

Nos supostos destas novas altas emitirase declaración-liquidación ou autoliquidación cuxo importe virá determinado polo prorrateo da cuota establecida para o período semestral, tendo en conta o nº de meses naturais de ocupación, incluíndose completo o da concesión da autorización.

O pagamento deberá realizarse antes do inicio da ocupación, nas contas bancarias indicadas, e posteriormente procederá a incluírse a débeda do seguinte semestre nos padróns cobratorios (salvo que non teña carácter de permanencia), practicando notificación colectiva da mesma, mediante a publicación no BOP da provincia.

Nos supostos en que a autorización non teña carácter de permanencia, liquidarase polo importe total correspondente ao tempo autorizado.

4.- As baixas cursadas mediante solicitude presentada polos suxeitos pasivos, producirán efectos no seguinte mes natural no que se cursen, procedendo a liquidarse as contías adebedadas no semestre de non ter sido abonadas; a dita liquidación será notificada aos

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

efectos que se proceda a efectuar pagamentos no período de pago establecido no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria.

No suposto que xa se tivera abonado o importe do semestre natural, procederá efectuar solicitude de devolución de ingresos indebidos polos importes que corresponda devolver, indicando a conta da entidade financeira na que se quere que se efectúe a devolución.

En aplicación do sinalado no artigo 22 do Regulamento do Mercado Municipal de Ponte deume se procederá á extinción da concesión debido á falta de pago de doce meses, aínda que non sexa de forma continuada.

ARTIGO 7. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS, APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS.

No se concederán o outros beneficios fiscais máis que os expresamente determinados nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de Tratados Internacionais.

Polo que se refire a aprazamentos e fraccionamentos non se prevé a dita posibilidade en período voluntario, dada a pequena contía dos importes. Toda vez que o Concello ten delegada a xestión recadatoria en período executivo na Deputación Provincial da Coruña, deberán aplicarse as normas aprobadas por dita entidade en materia de aprazamentos e fraccionamentos en caso de providenciarse as débedas

ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV "A potestade sancionadora" da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación daqueles.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor na data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación dende a data en que se proceda á apertura oficial do mercado municipal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tanto non se realice a apertura oficial do mercado municipal, continuarás aplicándose a Ordenanza fiscal número 10 obxecto de modificación co texto anterior regulado nela."

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.



Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <http://www.pontedeume.gal>.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

En Pontedeume, documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro."

Non habiando intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **5 votos a favor** (PSOE) e **2 abstencións** (PP e BNG) dos/as membros presentes."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez , sinala que visto que o informe de intervención é favorable en canto o tema das taxas consideran que se debería ampliar a concesión máis alá dos quince anos e que polo menos sexan de vinte ou vinte e cinco anos para que os concesionarios teñan a posibilidade de amortizar esas obras que teñen que asumir, pregunta se na ley de contratos o indica así, pon de exemplo o mercado de Coruña que ten vinte anos prorrogables. Considera que se debe revisar este tema e ampliar o tempo de concesión.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, indica

1. En canto á Ordenanza Fiscal que se basa nun informe económico do 20 de setembro que cree manipulado e de nivel e de baixa calidade, fai o precio do mercado sin estudio establecendo un valor por metro cuadrado sin saber cantos locais se estudian, cal foi o precio, cal é o precio máis habitual, cal é a distribución de precios, non calcula nin o expón sacando un precio da manga poñendo falando con..... , é dicir eso non é un estudio real nin económico , partindo pois de que iso está mal todo o demáis é difícil de creer.

2. O cálculo da enerxía, fai un cálculo da enerxía segundo o que se gastaba no ano 2012 en electricidade, eso non é un estudio económico, un estudio económico significa cantas luminarias hai, cantos kilowatios, cantas horas van a estar encendidas e así sería un estudio real que é o que necesitamos, logo xa o concello decidirá politicamente pero temos que ter un estudio real.
3. Os costes de persoal non sei como están calculados pero se ten en conta o coste da masa salarial que pode ter se se contrata un director de mercado, os seguros, os costes da amortización, ese estudio non vale, non vale é dicir é un estudio de "broma". E así o fai constar a interventora no seu informe,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ese estudio cubriría un 40% dos costes e gastos reais todo o demáis habería que sacalo doutras partidas.

Nos estamos desexando que se abra o mercado pero non nos poden enganar dándonos un estudio económico absolutamente de risa, a partir de ahí tomaremos as decisións políticas a pesar de ter un estudio económico de risa, que non vale nada e así o dí a interventora. Estamos falando dunha diferenza dun 60% entre o ingresado polas taxas e o coste real. Se isto é unha decisión política é unha decisión política, pero vamos a ter os costes reais de verdade cun estudio fiable, creíble todo o demáis é demagoxia. Fagamos un estudio serio e despois política.

Se vostedes o que queren é aprobar con urxencia para que o mercado saia adiante, nosoutros encantados pero o estudio é de primeiro de infantil.

D^a Yolanda Vazquez Busto, responde que con respecto á concesión de quince anos considera tempo suficiente para amortizar os postos e ten datos e valores doutros mercados de similares características e con un tempo inferior. Respecto ao estudio económico se levan capturando datos, de valores de mercado de estimación de electricidade, facendo referencia ao 2012 que era cando estaba funcionando o mercado polo que consideran que pode ser bastante similar. Os custos de persoal estímase o coste do salario do encargado municipal que temos neste momento ademáis de consultar cal sería o coste para realizalo a través doutra persoa ou persoa externa.

É un estudio que pasou polo filtro dos técnicos municipais, con informe favorable e desglósase todos os datos e gastos nas diferentes táboas.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, entón según o goberno o cadro de electricidade que se vai gastar non se vai facer por número de luminarias, kilowatio e horas que se van a encender.

2º ¿cal é o coste total estimado do mercado anual para o concello?

D^a Yolanda Vazquez Busto, en torno a 90.000 euros.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, ¿e canto vai a recaudar vostede? Diga unha cifra, por favor

D^a Yolanda Vazquez Busto, teríamos que realizar operacións, pero está nos informes xa.... sobre 42.000 euros.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, de onde van a sacar os 60.00 restantes

D^a Yolanda Vazquez Busto, intentaremos por un lado votar man do plan de mercado excelentes e onde se fai unha folla de ruta respecto aos pasos que hai que



dar para a apertura do mercado e na terceira fase contaríamos coas subvencións de determinados servizos que consideramos poder acadar e obtelos.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, e dicir que lles vai a costar 100.000, van a recaudar 40.000

D^a Yolanda Vazquez Busto, non eu non estou dicindo iso, agora mesmo estamos falando de datos estimativos e non sei se me estou equivocando.

O Alcalde - Presidente, por aclarar, se nos repercutimos os costes na taxa do mercado ás persoas que opten ao posto, lóxicamente van pagar moito máis do que están pagando tal e como está establecido na ordenanza co cal se sobreentende e sobreentendimos e a xente que colabora con nós tamén que non se iba a presentar ninguén. O mesmo pasa co servizo de lixo que nos custa 700.000 e recaudamos 400.000. Se o que propón vostede e que subamos os impostos e os asuman os cidadáns coa súa taxa ou imposto o coste real do servizo, estamos falando doutra cuestión, e no mercado de Pontedeume si ese coste do mercado o repercutimos directamente sobre a taxa dos praceiros entón van a pagar moitísimo máis e iso vai a interferir de forma negativa nas opcións de que se poidan cubrir esos postos. Ademais un dos argumentos que temos precisamente para non repercutirles a eles o coste real do mantemento do mercado e que o mercado de Pontedeume ten unhas consecuencias de carácter económico que van moito máis alá do propio mercado é dicir o comercio de Pontedeume e hostelería en xeral tamén se beneficia en parte do mercado municipal. Polo tanto hai terceiros que tamén se benefician porque os seus negocios se ven favorecidos en canto á afluencia de público que pode mover o mercado e redunde en maiores vendas nese comercio. Penso que eso todos os que estamos aquí sentados, o público e os do mercado o entendemos.

Por tanto se aplicou ata donde se poido para que as taxas non superasen o precio de mercado a nivel autonómico e se foron aplicando unha serie de criterios para poder chegar a donde chegamos, é unha cuestión perfectamente estudiada e xustificada e que parte dunha premisa que é a de non repercutir os costes nos praceiros xa que entón íamos ter problemas para que se cubran os postos porque a taxa se ía disparar. Do mesmo modo que o canon se vostede o suma, un canon de 3.000 e pico euros para un posto dun mercado que custou 1.500.000 pois me dirá vostede canto vamos a recaudar., se lle repercuta a cada un dos concesionarios o custo quitando zonas comúns do que vai a ser o seu posto, nos iríamos igual a canons de 100.000, 80.000 ou 70.000 euros aproximadamente. Polo tanto hai moitas outras cuestións que están arredor do mercado que hai que ter en conta, de ahí saen estos números que en ningún caso son discrecionais, se fai unha primeira valoración e a partir de ahí se foron aplicando distintos criterios para ir reducindo e chegar ata onde podemos chegar.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, Moitas grazas por darnos a razón, evidentemente vostedes non fan o coste real, pero por favor non nos enganen con un estudio que non é real, fagan un estudo real e despois explíquenlo, e digan este é o coste real, vamos a subvencionalo vamos a conseguir axudas e este é o precio que van a pagar. Pero non nos enganen, porque acaba vostede de recoñecelo que si o coste real fixéramolo, non é posible, y vamos a amañar o informe económico. O informe económico é unha patraña.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Alcalde-Presidente, pero que iso non é verdade.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, non me interrumpa,

O Alcalde-Presidente, ah sí, si disculpe.

O portavoz do BNG Luís Pena Mosquera, así mantemos o mesmo criterio para todos. Se o coste real o repercuten, non pode ser, nos parece ben, vamos a beneficiar aos placeiros porque eso beneficia a todo o pobo, pero no nos enganen con este estudio económico que é mentira e é de primeiro de carreira, non vale para nada, non está nin xustificado e o sacaron da manga. Fagan un estudio de costes reais e logo subvencionen e xustifiquen, e fácil de xustificar esa subvención para os placeiros porque é unha actividade económica que beneficia a todo o pobo, pero non nos enganen na cara cun estudio económico que é de broma.

O Alcalde-Presidente, o que estamos a decir é que o estudio está baseado en criterios que se aplicaron máis alá do coste real do servizo e que os ingresos non dín que vaian cubrir a totalidade do coste real do servizo, e o estudo non dí que os ingresos das taxas vaian a cubrir os costes, senon que hai unha serie de cuestións que van máis alá e que acabo de explicar. Non é que lle esté dando a vostede a razón, sí que é certo que se tiveron en conta no informe que se trasladou dende a xente que fixo ese estudo, precio de mercado doutros mercados e nos últimos mercados que se foron adxudicando, concesións, precios...máis ou menos un estudo que para vostede poderá ser moi malo e outros regular e outros moi bo, pero nos o que intentamos é conxugar que é un mercado, recuperar parte do investimento pero non só de forma directa sino de forma indirecta e isto é abrindo o mercado e favorecer o resto da economía local, e polo tanto todo ese tipo de cuestións hai que telas en conta á hora de adxudicar.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, gustárame que vostede tomara en consideración ampliar os anos de concesión

O Alcalde-Presidente, eu era partidario diso tamén, pero non foi posible porque non o damos xustificado, é dicir está todo máis ou menos establecido nunha media do que é o investimento para cada posto pero non chegamos a... , de feito a proposta inicial eran doce anos e fomos rascando, rascando ata poder chegar aos quince, aínda que inicialmente eran dez, despois doce e despois chegamos a quince. E xa lle digo sinceramente que o máis interesado en que foran vinte era eu.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez, ¿a lei dí que vinte son imposibles?

O Alcalde-Presidente, non. Pero a lei di que tes que ter un espazo máis ou menos de amortización deses fondos e se consideraba en bastante menos anos quedaría amortizado ese investimento, por exemplo calqluer persoa que faga un alugueiro dun local na rúa, os contratos de alugueiros van a cinco anos ou no mellor dos casos a dez, calquer comerciante de Ponte deume que alugue un local se van a cinco, dez anos e habitualmente están entre tres e cinco e aquí vamos a falar de



quince tamén ten que facer investimento e amortizalo, por tanto ese criterio de ponderación tamén se tivo en conta á hora de establecelo. Aínda que eu preferiría que fora máis tempo, pero...

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez , teña en consideración que ese mercado inflúe no resto do comercio eumés.

O Alcalde-Presidente, pero o feito de que remate a concesión non ten porque saír perxudicado, se pode renovalo ou senon pasalo a outra persoa porque en vinte anos tamén teremos o mesmo problema.

O portavoz do PP D. Andrés Pérez Pérez , é dicir por lei non nos deixa?.

O Alcalde-Presidente, non, non digo por lei, esto hai que xustificalo en base a unhos números, non é dicir vinte anos, quince, trinta, ou trinta e sete, non é unha cuestión ao chou. Entón o que se considera é que o tempo de amortización é moi inferior a eses quince anos e non temos forma de xustificar que vaia a vinte e sobre todo porque ademais tirando de referente nos últimos mercados que se saíron a concesión se están metendo a quince, o de Tomiño que é o único mercado que a Xunta declarou como mercado excelente vai a quince anos tamén. Pero eso pasa non só no mercado senón tamén na concesión pública de servizos que antes se facían a vinte e vinte e cinco anos, igual que noutros servizos como por exemplo atención a domicilio, catro, cinco, seis anos e non máis, iso vai cambiando e se reducen esos prazos porque a tendencia é esa e vai cambiando o panorama económico, social e lexislativo e se van adaptando todas as administracións. É dicir, é unha tendencia xeneralizada non só neste caso en concreto. Compartindo que eu tamén estaría de acordo en que foran 20, pero non podemos xustificalo e non se pode aceptar.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e **4 abstencións** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PP (2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e do BNG(2): D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal número 10, reguladora da taxa de ocupación de postos no mercado municipal, atendendo ao seguinte texto:

“PROXECTO DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE OCUPACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto nos artigos 57 e 20.4 letra u) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do dito texto legal, o Concello de Pontedeume establece a Taxa pola prestación de servizos municipais en relación ás actividades de mercados, praza de abastos e nos seus espazos e servizos anexos.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación do servizo do mercado, mediante a ocupación dos postos para ser utilizados na venda da clase de mercadorías para o que están destinados e aqueles outros que, aínda sen gozar de posto fixo, verifiquen a venda en ambulancia nos lugares destinados a este fin.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria que utilicen o mercado ou praza de abastos para a venda de produtos, ben en postos fixos ou ambulantes, así como os servizos anexos.

ARTIGO 4. RESPONSABLES SOLIDARIOS E SUBSIDIARIOS. SUCESORES.

1. Responderán solidaria ou subsidiariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refiren respectivamente os artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

O procedemento para declarar e exixir a responsabilidade será, en cada caso, o previsto nos artigos 175 e 176 do antedito texto legal, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. O procedemento de recadación fronte os sucesores do obrigado ao pago da débeda tributaria será o recollido no artigo 177 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e nas súas normas de desenvolvemento.

ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas correspondentes, calculada consonte ao indicado nos seguintes parágrafos. As tarifas que figuran nesta ordenanza son irredutibles.

A cota tributaria determinarase en función dos metros cadrados a ocupar na realización da actividade. Fíxase un prezo unitario por metro cuadrado a ocupar, diferenciando dous diferentes, segundo o posto sexa fixo de mercado ou de venda ambulante.


Vistos os diferentes espazos/locais de uso previstos nos planos, e vistos os metros cadrados dos mesmos, determínase a cota tributaria de acordo coas tarifas especificadas, adicionando a cota tributaria dos locais de venda á correspondente a almacén (tendo en conta que o prezo por metro cuadrado de almacén redúcese a unha porcentaxe do 33,75% do prezo por metro cadrado do local).

5.1. Postos fixos do mercado

A cota tributaria será a suma da cota tributaria por local e da correspondente por almacén (esta última de forma ponderada nun 33,75%), tendo en conta un prezo unitario por m² de 10,2592 €/m² e mes no caso dos locais e 3,45 €/m² e mes no caso dos almacéns.

5.1.1. A cota tributaria por local será o resultado de aplicar as tarifas que seguen, por metro cadrado e mes, de acordo co plano que se xunta:





Posto Número	M ²	Importe mensual	Importe semestral
1	17,62	180,77 €	1.084,62 €
2	35,24	361,53 €	2.169,18 €
3	35,24	361,53 €	2.169,18 €
4	17,98	184,46 €	1.106,76 €
5	26,93	276,28 €	1.657,68 €
6	26,93	276,28 €	1.657,68 €
7	8,35	85,66 €	513,96 €
8	8,35	85,66 €	513,96 €
9	20,48	210,11 €	1.260,66 €
10	20,48	210,11 €	1.260,66 €
11	16,70	171,33 €	1.027,98 €
12	8,35	85,66 €	513,96 €
13	8,35	85,66 €	513,96 €
14	20,48	210,11 €	1.260,66 €
15	20,48	210,11 €	1.260,66 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Posto Número	M ²	Importe mensual	Importe semestral
16	16,70	171,33 €	1.027,98 €

5.1.2. A cota tributaria por almacén será a resultante de aplicar igual contía por metro cadrado á cota que correspondería á superficie do almacén, segundo a tarifa de ocupación de 3,45 €/m² sendo os importes mensuais os seguintes. No caso de que o almacén se adxudique de forma compartida ratearase entre as partes participantes.

Nº Almacén	M ²	Importe mensual	Importe semestral
0	8,35	28,81	172,86
1	10	34,50	207,00
2	6,86	23,67	142,02
3	6,95	23,98	143,88
4	7,27	25,08	150,48
5	6,62	22,84	137,04
6	6,29	21,70	130,20
9	5,64	19,46	116,76
10	5,31	18,32	109,92
14	5,97	20,60	123,60
15	4,98	17,18	103,08
16	7,60	26,22	157,32

5.2. Postos de venda ambulante (Postos non fixos).

A cota tributaria será o resultado de aplicar as tarifas que seguen:

8,7426 €/m² por mes

ARTIGO 6 NORMAS DE XESTIÓN E DEVINDICACIÓN DA TAXA

Devindícase a taxa e nace a obriga de contribuír:



1.- Cando se proceda á apertura oficial do mercado no novo edificio se asimilará a novas altas, emitíndose liquidación dende o Concello pola cota semestral rateada que proceda.

2.- Nos postos con concesión de aproveitamento xa autorizado ou prorrogado, devindicarase o día primeiro do período impositivo, sendo o período impositivo fixado o comprendido entre o día primeiro e o último do ano natural.

A exibilidade da taxa fixarase por semestres naturais.

O concello aprobará os padróns cobratorios para cada semestre, establecéndose un período de pago en voluntaria de dous meses, a partires do día seguinte ao da publicación de anuncio de notificación colectiva no Boletín oficial da provincia, a través do que se dará conta da súa exposición ao público e do anuncio de cobranza, podendo superpoñerse o período de alegacións ao do inicio do período de cobramento en voluntaria.

O pagamento poderá domiciliarse en contas bancarias de diferentes entidades financeiras.

De non domiciliarse o pagamento, este deberá realizarse no número de conta que se facilite dende o concello nos prazos de pagamento indicados.

3.- Nas concesións/autorizacións de novo aproveitamento, e nos supostos de venda temporal en postos fixos vacantes, devindicase a taxa na data da concesión ou da autorización.

Nos supostos destas novas altas emitírase declaración-liquidación ou autoliquidación cuxo importe virá determinado polo prorrateo da cuota establecida para o período semestral, tendo en conta o nº de meses naturais de ocupación, incluíndose completo o da concesión da autorización.

O pagamento deberá realizarse antes do inicio da ocupación, nas contas bancarias indicadas, e posteriormente procederá a incluírse a débeda do seguinte semestre nos padróns cobratorios (salvo que non teña carácter de permanencia), practicando notificación colectiva da mesma, mediante a publicación no BOP da provincia.

Nos supostos en que a autorización non teña carácter de permanencia, liquidarase polo importe total correspondente ao tempo autorizado.

4.- As baixas cursadas mediante solicitude presentada polos suxeitos pasivos, producirán efectos no seguinte mes natural no que se cursen, procedendo a liquidarse as contías adebedadas no semestre de non ter sido abonadas; a dita liquidación será notificada aos efectos que se proceda a efectuar pagamentos no período de pago establecido no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria.

No suposto que xa se tivera abonado o importe do semestre natural, procederá efectuar solicitude de devolución de ingresos indebidos polos importes que corresponda devolver, indicando a conta da entidade financeira na que se quere que se efectúe a devolución.

En aplicación do sinalado no artigo 22 do Regulamento do Mercado Municipal de Pontedeume se procederá á extinción da concesión debido á falta de pago de doce meses, aínda que non sexa de forma continuada.

ARTIGO 7. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS, APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS.

No se concederán o outros beneficios fiscais máis que os expresamente determinados nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de Tratados Internacionais.

Polo que se refire a aprazamentos e fraccionamentos non se prevé a dita posibilidade en período voluntario, dada a pequena contía dos importes. Toda vez que o Concello ten delegada a xestión recadatoria en período executivo na Deputación Provincial da Coruña, deberán aplicarse as normas aprobadas por dita entidade en materia de aprazamentos e fraccionamentos en caso de providenciarse as débedas

ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV "A potestade sancionadora" da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e na súa normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación daqueles.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal aprobada polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 28 de outubro de 1999, entrará en vigor na data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación dende a data en que se proceda á apertura oficial do mercado municipal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

En tanto non se realice a apertura oficial do mercado municipal, continuará aplicándose a Ordenanza fiscal número 10 obxecto de modificación co texto anterior regulado nela.”

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello: <http://www.pontedeume.gal>.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

3.- RATIFICACIÓN INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DE ASUNTO NON DITAMINADO: DACIÓN DE CONTA DO BORRADOR DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

A Secretaria pasa a dar lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA AO PLENO EXTRAORDINARIO DO 11.10.2019



DACIÓN DE CONTA DO BORRADOR DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME

(Expediente TDeC: 2019/G006/000146)

Visto que neste pleno de carácter extraordinario de data 11 de outubro de 2019, van coma puntos no orde do día aprobación do Regulamento Municipal e a Ordenanza Fiscal, para posta en funcionamento do Mercado Municipal de Pontedeume.

Visto que xa se dispón do “Borrador dos pregos de cláusulas administrativas que rexerá a concesión de uso privativo dos postos no Mercado municipal de Pontedeume”.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do “Borrador dos pregos de cláusulas administrativas que rexerá a concesión de uso privativo dos postos no Mercado municipal de Pontedeume”.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

Non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e tres minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.